

02 NOVEMBRO DO 2006 - NÚMERO 641

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Cambio de clima
e xestión catástrofica



As recentes inundacións, a vaga de incendios, a seca dos últimos anos, a subida da temperatura... Estes son algúns dos síntomas do cambio de clima que temos xa enriba das nosas vidas cunha ameaza grave para o futuro do país e do planeta. E as previsións son, cada vez, máis alarmantes, como se subliñou esta mesma semana nun informe encargado polo Goberno da Grande Bretaña. Nese informe, pónselle data –dez anos– e prezo económico –unha recesión do 20 por cento do PIB– ao cambio de clima se o ser humano non toma medidas para atallalo. Na próxima década, de continuar a indiferenza dos políticos e a voracidade da sociedade de consumo neoliberal, o mar chegaría a subir un metro como consecuencia do derretemento do xeo en Groenlandia e na Antártida, o cal provocaría o desprazamento de millóns de persoas que actualmente viven nas zonas costeiras. A un prazo máis longo, o océano podería acadar sete metros máis de altura e a especie humana, a civilización, estaría abocada a unha recesión de séculos. Para a península ibérica, a situación non pode ser máis catastrófica: os cálculos deducen que a temperatura acadaría unha media de seis ou sete graos superior á actual e o réxime de chuvias modificaríase até asemellarse ao do norte de África... e incluso ao deserto. O futuro alcanzounos e non hai tempo para torcer a cara.

...E o futuro alcanzounos

A.R. López/M. Dopico

Despois dunha década de alertas científicas, con informes que anunciaban as máis horribles catástrofes, tivo que ser Tony Blair, o primeiro ministro británico, o que lograra esta mesma semana que o mundo enteiro reparara nas consecuencias inmediatas do cambio de clima, co anuncio dunha recesión económica sen precedentes se os gobernantes non toman medidas rápidas. E é que só a voz dos

prohombres da globalización –de Blair a Bush– parecen ter verdadeiro creto nunha sociedade cada vez máis radicalmente conservadora, como o demostran as tensións do fundamentalismo relixioso e o peso crecente da

ultradereita, os neonazis e os neofascistas nos gobernos e as políticas europeas. Porén, Blair –sabio prestidixitador do laborismo neoliberal– non quixo pasar á historia por ser só o gañán que secundou –xunto a José María Aznar– ao presidente norteamericano na invasión de Iraq, termados os tres dunha marvellada de mentiras. Blair busca agora a memoria histórica como o profeta da salvación do mundo ante o inferno do quencemento global. E, ao parecer, parece que os seus intentos non van ser tan inútiles como os dos prestixiosos científicos, entre outras razóns porque lle pon data –dez anos– e cartos –a ruína– á parálise do mundo diante do apocalipse climática.

Probablemente, a clave de Blair foi encargarlle o informe a un economista –Nicholas Stern– para impactar as grandes fortunas que a globalización forneceu nos reximes capitalistas ou nos comunistas da China. Stern indica que se os gobernos non actúan a tempo, o quecemento global pode supoñer un 20 por cento na redución de crecemento económico, mentres que actuar de forma decidida só custaría o 1 por cento do produto interior bruto. As inundacións provocadas polo aumento do nivel do mar poden chegar a desprazar 100 millóns de persoas –a costa galega e cidades como A Coruña estarían especialmente afectadas– e o desxeo dos glaciares podería provocar falta de auga. As crises sanitarias volveríanse insoportables e morrerían millóns

e millóns de persoas. O retroceso na civilización sería incalculable a perda de biodiversidade estaría marcada pola desaparición –aproximadamente– dun corenta por cento das especies que actualmente existen no mundo.

E é que o informe de Stern vai máis alá das perspectivas que até agora se barallaban e adianta considerablemente o punto sen retorno da catástrofe. Porque

se antes se calculaba que o nivel do mar tardaría un século en subir un metro, agora calcúlase que pode acontecer antes de dez anos. Dentro dun século –segundo cálculos máis catastrofistas dos climatólogos do Centro Nacional de Investigación Atmosférica

de Estados Unidos– o nivel do mar subirá... entre cinco e sete metros, posibilidade que significaría a inundación de amplas franxas costeiras.

Os efectos inmediatos do quencemento xa son evidentes, en Galicia e no resto do mundo. Entre as máis significativas, figura a maior intensidade nos ciclóns xerados no océano Atlántico. As razóns desta intensidade residen no aumento da temperatura dos océanos como consecuencia do "efecto invernadoiro". E, ademais, irán aínda a máis. Desde 1970 aumentaron a intensidade e a frecuencia dos furacáns durante a tempada ciclónica no Atlántico norte, que vai desde o 1 xuño ata o 30 de novembro de cada ano.

O pasado ano rompeuse unha marca histórica coa inusual formación nos dous primeiros meses do ciclo de sete tormentas, dúas das cales foron furacáns "maiores", con ventos de máis de 210 quilómetros por hora.

Pero tamén ameaza a supervivencia de plantas e animais desde os trópicos ata os xeos antárticos. Xa non se trata só da sorte que poden correr osos polares ou pingüíns senón tamén os flamencos dos Andes ou as ras do Amazonas. Os bosques converteranse en matogueiras. A desaparición afectará especialmente os denominados "puntos cruciais", que supoñen só o un por cento da superficie terrestre e, pola contra, albergan o 44 por cento de todas as especies vertebradas terrestres e un 35 por cento de todas as plantas do mundo.



A seca é outras das consecuencias inmediatas, con África –un continente xa en por si espoliado– como principal afectado, pero tamén con incidencia significativa en Europa, en especial na área mediterránea. As secas xa provocaron en África o desprazamento de miles de persoas, impulsadas pola ruína dos sistemas agrarios da área subsahariana. A tendencia vai continuar e aumentar, facendo aínda máis sangrante a presión sobre a fronteira sur de Europa, que non poderá facer fronte ás correntes migratorias.

Porén, o que máis preocupa, polas consecuencias xeográficas inmediatas, é o aumento do nivel do mar, xa que a maior parte da poboación mundial reside nas costas e a forza imparable dos océanos vai provocar un desprazamento masivo. A situación no Ártico é desalentadora e as previsións agoiran que, en poucos anos, se poderá cruzar a outrora impenetrable masa de xeo do Polo Norte como quen cruza o Atlántico, con certas vantaxes para o tráfico comercial. Pero o perigo non está o derramamento do xeo que aboia no mar senón no que soporta a illa de Groenlandia, xa que este será o que, precisamente, faga medrar o nivel dos océanos.

Distintos estudos científicos predín grandes modificacións climáticas tanto no Ártico como en todo o planeta, entre elas unha ampliación do buraco da capa de ozono e un aumento da radiación ultravioleta. En Alasca, o oeste de Canadá e Siberia, as tem-

peraturas invernais rexistradas os últimos 50 anos subiron de 3 a 4 graos centígrados e crecerán de 4 a 7 graos durante os próximos cen anos. A extensión de xeo de Groenlandia redúcese ano tras e as súas reservas de xeo son suficientes para subir o nivel do mar en sete metros. De feito, o xeo perenne do

Ártico reduciuse nun 14 por cento entre 2004 e 2005. Nese período, a masa conxelada diminuíu en 720.000 quilómetros cadrados, unha superficie superior á da península ibérica. Os picos da perda de xeo perenne –a que debe manterse durante todo o verán– foron aínda máis alarmantes e achegouse, segundo un estudo da NASA, a un 50 por cento no momento en que ese xeo se desprazaba desde o Ártico oriental para o oeste. Os cambios que se rexistraron neses anos no xeo ártico son rápidos e espectaculares.

Pero o desxeo tamén está afectando as grandes masas conxeladas da Antártida, un continente sobre o que os máis cobizosos especuladores botan xa a súa gorentosa mirada de proveitos mineiros. A capa

de xeo cobre arredor do 98 por cento da Antártida cunha profundidade duns dous quilómetros. O seu derretemento resultaría fatídico para todo o planeta, pero se chegara a producirse tampouco tería demasiada importancia: a temperatura global sería tan alta que dificilmente podería sobrevivir a especie humana a este cataclismo.



(I) Despois de anos de desmentir categoricamente que o cambio de clima era real, o Goberno de Bush está na encrucillada de admitir o seu erro e rectificar a tempo, se aínda tempo lle queda ao planeta para soportar a arrogancia dun mandatario que pasará á historia pola súa ignorancia e desprezo aos dereitos humanos. As razóns da negativa de Bush a aceptar a catástrofe –houbo incluso presións sobre os científicos da NASA– parecen obedecer aos estreitos contactos da familia Bush con grandes petroleiras dos Estados Unidos que, por outra parte, tamén lle sufragaron a campaña electoral. A frela do presidente de Estados Unidos por beneficiar os seus amigos chegou a tal punto que, incluso, decidiu anular a protección de parques naturais que pesaba sobre as grandes áreas boscosas de Alasca.



(II) Estados Unidos é o país que contribúe en maior medida (o 30 por cento) ao quencemento global, xa que é o máximo emisor de gases de efecto invernadoiro. A súa postura de negarse a asinar o Protocolo de Kioto levou a que outros grandes contaminantes quedasen na marxe da carta que trata de frear o cambio climático: a China, a India ou o Brasil. A estas alturas, calquera destes países é imprescindible para lograr o freo real ás emisións de gases contaminantes, como crucial é tratar de introducir cambios nos hábitos de consumidor. Os automóviles son, sen dúbida, o símbolo dese sistema de consumo depredador que está devorando o planeta e o consumo de petróleo o lume que alimenta unha fogueira na que morreremos todos abrasados se non somos capaces de poñerlle un remedio a tempo.

Na imaxe de arriba, a insólita seca que sufriu o Amazonas o pasado ano. Abaixo, protestas contra Bush e tubo de escape dun automóbil, un dos principais axentes de contaminación



(III) O buraco da capa de ozono no hemisferio sur aumentou en superficie e profundidade en niveis sen precedentes. Desde o 21 ó 30 de setembro, deste ano a superficie media do buraco foi a maior observada ata agora, de 27,5 millóns de quilómetros cadrados. Esa superficie é maior que a que cobren Canadá, Estados Unidos e o sector norte de México. Algo insólito até agora e que é motivo de alarma, non só entre os ecoloxistas que levan décadas alertando dos perigos. A capa de ozono protexe a vida terrestre ó bloquear os raios ultravioleta do sol. A medida que os raios do sol se fan máis verticais durante outubro e novembro, esta superficie (do buraco de ozono) permitirá que aumente moito máis o paso da luz ultravioleta nas latitudes austrais. O problema é un dos máis graves que afronta a humanidade. O oco non é en realidade un buraco. Trátase máis ben dun adelgazamento da capa de ozono que envolve todo o noso planeta e ten a virtude de filtrar as radiacións ultravioleta.



(IV) Os 198 gobernos que este mes se reunirán no Cume Mundial do Clima de Nairobi –entre eles unha representación de Galicia– deberían acelerar as negociacións para producir un documento que substitúa o protocolo de Kioto sobre a redución do efecto invernadoiro. Os ecoloxistas advirten de que se non se adoptan medidas urxentes para investir os peores efectos do quecemento do planeta as consecuencias serán irreversibles. Segundo o WWF-Adena, a economía mundial non será a única que recibirá un “duro golpe” polas consecuencias dese fenómeno, senón que “os pobres do planeta serán os que máis sufrirán polas secas e outros desastres naturais exacerbados polo cambio climático”. Por iso, a organización solicitoulles ós representantes gobernamentais que se reunirán o próximo mes en Nairobi que garantan que os países menos desenvolvidos poidan acceder ós fondos que xa se comprometeron para financiar mecanismos contra os impactos do cambio climático. Así mesmo, Verolme sinalou que “a Unión Europea debe demostrar que o seu autoproclamado liderado” na materia non é unha hipocrisía.



(V) España non cumpre cos compromisos do Protocolo de Kioto para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro, aínda que, por vez primeira en varias décadas, rebaixou un un por cento a emisión de gases de efecto invernadoiro. Con todo, as emisións de CO2 españolas en 2005 superaron nun 51% as de 1990, segundo un informe da Comisión Europea, e está moi lonxe de cumprir con Kioto. Os ecoloxistas pídenlle ao Goberno de Rodríguez Zapatero unha lei de apoio ás enerxías renovables, que promovan un horizonte enerxético do 100%, o cal é, ao seu xuízo, tecnicamente posible e será socioloxicamente moi beneficioso. Tamén lle esixen que o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión de gases de efecto invernadoiro prevea cero dereitos de emisión para as compañías eléctricas. España iniciou coa ministra Cristina Narbona un proceso de adaptación a Kioto despois de que o Goberno de Aznar –en sintonía con Bush– fixese desleixo en atallar a apocalipse que se nos vén enriba. As medidas de Narbona, con todo, non amosan de momento demasiada capacidade de redución de emisións.

O porto exterior: 700 millóns tirados ao mar

A infraestrutura máis onerosa que actualmente se executa en Galicia, o porto exterior da Coruña, non servirá para nada no futuro inmediato polas consecuencias do cambio de clima. Cun orzamento de case setecentos millóns de euros e con virulentas críticas dos ecoloxistas polo seu incalculable impacto natural, este porto sería literalmente varrido polas tempestades de manterse o actual crecemento do nivel do mar en só unha década. E en vinte e cinco anos, cun cálculo de subida do océano de dous metros apuntados nalgúns informes científicos, deixaría practicamente de existir. Aínda así, ninguén reclama a reconcepción dun proxecto que duplica o doutros investimentos moito máis mediáticos, como a Cidade da Cultura, e que comezou a construírse cando xa

existía –a menos de trinta quilómetros, en Ferrol– outro porto de semellantes características. Non existen estudos que expliquen como se vai rendibilizar estas infrestruturas co mediocre tráfico marítimo da área.

E é que A Coruña será, sen dúbida, a máis afectada das sete grandes cidades polo cambio de clima, coa ameaza de perder os seus areais urbanos. Tamén a coñecida zona do ensanche do século XIX, coas famosas casas de galerías, estarían ameazadas polas enchentes e as tormentas que, segundo algunhas proxeccións, serán máis potentes. Porén, o perigo abrangue igualmente numerosas vilas costeiras, desde Vilagarcía e Ribeira, pasando por Muros e Malpica. O panorama non pode ser máis alarmante.

Os primeiros síntomas do cambio de clima xa se perciben desde hai unha década e aceleráronse nos últimos anos. A seca da temporada pasada e a vaga de incendios

deste verán son mostras contundentes que coinciden cun progresivo descenso das chuvias e o aumento das temperaturas. Nun século, A Coruña, por exemplo, subiu dous graos a súa media anual, pero o aumento maior produciuse nos últimos vinte anos. Os datos de Meteogalicia non deixan espazo para o escepticismo. Ao parecer, o rexistro pluviométrico non ten unha variación significativa, pero cambiou o seu réxime: a maior parte das chuvias concéntranse no outono e desaparecen en gran medida desde xuño, que pasou a ser un mes anormalmente caloroso en toda a comunidade. No rexistro contrario, o mes de febreiro converteuse en seco e extremadamente frío. De feito, é en febreiro cando adoitan producirse as vagas polares que

ultimamente arrasaron Galicia e que provocaron a baixada dos termómetros ata niveis insólitos: dezaseis graos baixo cero. A variación no ciclo pluviométrico carrexaría, en pouco tempo, un cambio nos cultivos.

Tamén na biodiversidade se detectan cambios. O célebre refrán “polo san Bras a cigoña verás” –sinal de que se achega a primavera– deixou de ter pertinencia no catálogo do clima porque as cigoñas, en toda a franxa oriental do país, xa quedan todo o ano no seu campanario e abandonaron o seu costume de pasaren os invernos en África. Outros insectos e algunhas aves

–como as páxaras de Monforte– desapareceron, mentres no mar chegan periodicamente bancos de peixes que antes non existían e outras especies de acubillo autóctono foron desaparecendo. O caso máis singular é a chegada ás costas galegas, ao longo dos últimos veráns, de focas procedentes de Groenlandia e do Ártico, nunha dinámica que se repite en todo o planeta, como esa espectacular estampa dos pingüíns invadindo as praias de Río de Xaneiro.



As abellas e o mel

As abellas foron das primeiras especies que en Galicia padeceron o cambio climático. Desde hai anos, non só apareceron enfermidades que antes nos padecían, senón que tamén se rexistraron anomalías na posta de ovos e no regulamento da colmea. A produción de mel baixou considerablemente até chegar este verán a unha das colleitas máis misérrimas que se coñecen.

Incendios crecentes

Desde hai tempo, os metereólogos albiscaron unha estreita relación entre o quecemento do planeta e os incendios. Non é que agora haxa máis: o peor é que teñen magnitudes maiores e resulta cada vez máis difícil sufocalos. Iso foi o que, precisamente, aconteceu o verán pasado en Galicia e que, de seguir o proceso de cambio de clima, se vai repetir en anos vindeiros con maior intensidade.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum. Foto de portada: o glaciar de Upsala en 1928 e no 2004



09 NOVEMBRO DO 2006 - NÚMERO 642

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**




**Antón Patiño: a
ollada primixenia**

Símbolos do infinito, ciclistas, redes, labirintos, pesanervios, a ala de Ícaro, aspas, pegadas, dados, ánforas... Mesturados nunha danza onírica con manchas de cor que tenden a fluir por todo o espazo do lenzo. Antón Patiño, poeta do desacougo e da inqueda que nace da mordaza da liberdade nas sociedades do consumo desaforado, non pinta obxectos, senón capas, sedimentos, estratos, fragmentos que se funden, en perpetuo movemento, por efecto da sinerxia, da enerxía que os anima e transforma as tensións, as contradicións, nun paradoxal entendemento. Agroma, deste xeito, o colaxe, o palimpsesto. Mapa simbólico dun mundo cada vez máis complexo, plural, multicultural e desencantado coas vellas verdades, ideoloxías, cosmovisións, imaxes da totalidade. De sociedades inmersas nun proceso de globalización que tende a uniformizar culturas e sensibilidades mentres sostén,

Antón Patiño

O ollar primixenio

e mesmo incrementa, desigualdades e inxustizas. De culturas que fican orfas, desorientadas ante a aceleración vertixinosa do tempo, dos ritmos de vida, dos cambios a todos os niveis. Culturas que se volven mosaico e sucesión abafante e desordenada de imaxes e conceptos desestruturados, non xerarquizados, disgregados, atomizados, errantes, ingrátidos, xerados en boa parte polos medios de comunicación. Nas que o dominio e o poder se agochan baixo a faciana da sedución e do desexo na industria do entretemento. Neste contexto, o poeta, o pintor, o humano, procura, máis que un refuxio, un camiño de volta cara á auténtica vida. Que atopa no arte. Nas orixes da forma e da imaxe. No regreso á natureza e ós signos preverbais, anteriores á civilización, que garda o inconsciente colectivo. Así o fai Patiño. O libro 'Antón Patiño. Metamorfose labirinto', editado pola Deputación de Pontevedra, recolle o mellor da obra deste autor.




A arte coma berro libertario

Berro libertario. Desafío dunha realidade escorregadiza. Experimentación e risco. A esencia da poética plástica de Antón Patiño podería, quizais, comezar a definirse con estas palabras. Un universo artístico que agromou na mente deste creador galego xa durante a súa infancia. “A librería dos meus pais foi un auténtico centro de axitación cultural e de encontro de sectores galeguistas e antifranquistas en xeral. Lembro o ambiente da cidade como un cativo París xirando ao redor das tertulias nas tascas do Elixio e d’A Viuva, e cun interese moi grande polas manifestacións artísticas. A presenza alí de artistas como Lodeiro, Lugrís, Laxeiro e outros, dotaba dunha entidade humana e afectiva aqueles lugares. Os escritores José María Castroviejo, Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín, Eduardo Blanco-Amor... Tiñan algo máxico aqueles faladoiros: a xeito de camarote encantado, unha atmosfera fumegante e intemporal, unha cálida humanidade tomaba acougo no recuncho daqueles bares dunhas dimensións moi reducidas”, explica. Patiño entende a arte coma actividade social só comprensible á luz da alteridade. Animado por esta filosofía, este creador, de orixe monfortina e que viviu boa parte da súa xuventude en Vigo, participou xa desde moi novo en proxectos colectivos coma o movemento Atlántica. “Atlántica xorde da entrega que facemos un moi pequeno grupo de artistas que aportamos e inventamos cousas. Tanto no momento aquel do comezo dos 80, como na década dos 70, traballei con total liberdade facendo literalmente o que me petaba. Para mín arte e liberdade son sinónimos. Escollín a arte xa non como “profesión liberal” senón “libérrima”: mesmo libertaria. Logo hai lóxicamente que traballar duro, a miúdo de xeito moi disciplinado”, indica. A realidade constituíu a cerna da aprendizaxe artística de Patiño, alén dos libros e da Facultade de Belas Artes de Madrid, cidade á que se trasladou para estudar. “Coido que sempre estamos a aprender máis da propia realidade ca dos libros. Como pintor para min foi máis decisiva unha determinada carta de cores gravada na infancia. O territorio do non-falante é esencialmente visual: agroma daquela un vocabulario simbólico do mundo, as texturas e o relevo da materia viva, un certo coeficiente de humidade, as árbores, as pedras, as fontes, a chuva. Os referentes cultos veñen despois e van ser tamén decisivos. O capitalismo e a aceleración histórica queren converter a arte nunha “oficina de patentes” na sociedade do Espectáculo. A propia personalidade é como un palimpsesto onde cada estrato permite ver ao tempo sedimentos

anteriores que permanecen vivos na memoria. A arte é unha experiencia emocional compartida: fican lonxe palabras como innovación, emerxente e demais termos retóricos”, opina. Patiño cre non só na arte como proxecto colectivo, senón tamén no compromiso do artista coa realidade política e social. “A liberdade tamén é unha planta que cómpre regar de xeito cotián. Os creadores galegos de Rosalía a Luís Seoane, de Manuel-Antonio a Manuel Rivas ou calquera novo poeta que se expresa nun blog hoxe van falar nese idioma da liberdade. A sintaxe da rebeldía interior. O pulo da imaxinación creadora como terra liberada. Sempre a carón do magma inconsciente que é o humus: e fermento de intensidade das imaxes Interiorizadas, facendo corpo común coa aventura biográfica de cada autor. Non é que chegue dabondo con crear: se cadaquén no eido concreto da súa actividade fixera da creación o cerne propio; todo iría mellor. Outro mundo sería posíbel”, sostén. Antón Patiño tense rebelado contra as manifestacións pseudoartísticas só accesibles para académicos afastados do mundo real. “Non me interesa a arte que de xeito pedante e absurda chámase a sí mesma conceptual. A miña crítica situada no seu contexto vai máis contra a inflación do discursivo. Hoxe en día atinxe a todo: non só a arte. Esa hipertrofia é esterilizante (ademais dunha ameaza cara á creación). Reflicte unha actitude decadente, propia da chamada “sociedade administrada”. O triunfo da mediación total, onde a burocracia actúa como unha planta caníbal ou unha mala herba que ameaza ao ecosistema enteiro. O “desencantamento” do mundo conduce directamente á “gaiola de ferro” da razón instrumental (se mesturamos a Max Weber co pensamento crítico de Adorno e máis Horkheimer). Nesa encrucillada ou dramático impás parece que estamos. Hai distancia e afastamento porque non hai ensino da arte, nin arte no ensino. Nun mundo estetizado ao máximo. A aula sen muros dos media non cubre o déficit. Ao non ter un coñecemento de conxunto do que está a pasar, a incertidume da xente nova é enorme. Non só da poboación avellentada do rural. A anomía máis dramática e feroz (de carácter autodestrutivo) dos arrabaldos urbanos desesperanzados da Galiza de hoxe: onde gaña terreo a cultura lixo do automóbil brillante. A ladaíña narcisista do consumo. A incesante desfeita coa droga da velocidade. Para moitos deles, Picasso é só un coche que se fai en Vigo e Bauhaus un conxunto de música ou un pub local. Con esa equipaxe non se pode competir no mundo”, asegura Patiño.

Antón Patiño é tamén autor de diversos ensaios sobre a súa propia arte e a de outros. “Trátase dunha experiencia de autocoñecemento: dun intento alomenos. Nun comezo foron aforismos e pequenos apuntamentos un chisquiño herméticos que xurdían da propia experiencia do taller. Entre pintura e pintura dun xeito mesmo torrencial. Tiñan algo de incomprensíbel escrita automática. Non é doado falar nin escribir de pintura. O problema é que dende hai anos vivimos unha crise da mirada sen precedentes. Derivada da inflación das imaxes: da súa promiscuidade. Unha situación de enchente audiovisual no cerimonial do consumo, onde todo fica degradado. Precísase cultura visual (un adestramento da mirada e da percepción). Ao tempo cómpre tamén ter unha fonda formación humanista. Depende moito, esa capacidade para expresar a arte, da sutileza cara ás verbas e da emoción do ollo. Non é posíbel simular esa mirada. É toda sentimento. Trátase da mirada coa que o neno contempla o mundo por vez primeira. A clave é esa primeira mirada que establece un panteísmo primordial coa natureza, cos obxectos, coas texturas e o relevo do mundo. A luz: ese milagre que dota de corporeidade a todas as cousas (que emerxen dende o contrapunto do territorio da sombra). É unha mirada-agarimo. Unha mirada que mesmo pode xunguir os anacos espaxados do mundo. Constrúe un hábitat e devolve a realidade ao real (ao través quizáis da ponte do imaxinario). O mundo segue daquela vivo”, afirma. Patiño xulga



acertado o que os críticos teñen escrito sobre a súa obra. “Tiven sorte e teño algúns textos de achegamento ao meu traballo moi bos. O primeiro escribiuno Álvaro Cunqueiro, sobre os meus debuxos de neno. Foi moi amábel e xeneroso comigo. O segundo texto fíxoo Uxío Novoneyra no Courel. Os últimos textos están asinados polo poeta Andrés Sánchez Robayna e por Donald Kuspit e John Yau. Coido que son bos achegamentos. O mesmo acontece co que fixo Alfonso Armada. Teño tamén escritos moi expresivos doutros moitos autores.

A pintura do corpo, a chamada “pintura da acción” foi decisiva. Como punto de partida. Por varias razóns: redescuberta do corpo, o xesto, os movementos duns rituais semiperdidos, a fiestra aberta a Oriente, a escrita desinhibida que bebeu ao tempo na maxia do surrealismo, os artistas exiliados, trasterrados de Europa levaron o seu talento alén de mar: alá prendeu con forza e aconteceu unha di-

námica de intensidade. Un xesto de liberdade e simultaneamente autocoñecemento. A escrita pulsional: o azar convocado a unha recreación enerxética”, aclara. Unha das principais chaves de achegamento á pintura de Patiño é, segundo el mesmo explica, a noción de colaxe, herdanza de correntes artísticas como o cubismo. “A nosa é unha modernidade fragmentaria. A colaxe permite “religar” os fragmentos deste mundo-puzle. Efectivamente, a marxe de que traballe ou non con inxertos doutros materiais ou acoplamentos obxectuais. Teño sempre presente a adición complexa (fusión ás veces mesmo paradoxal) da colaxe”, sinala.



Patiño indentifícase co discurso dos coñecidos como filósofos da sospeita. “É un ideario de resistencia humana cara proseguir na loita pola autodeterminación. Mantendo unha mirada vixiante fronte aos procesos alienantes. Fronte á industria da expropiación da subxectividade, cómpre loitar con esforzo. A sensación que teño persoal é que dende o 68 (case como dicir que dende que teño uso de razón) trunfa no mundo unha revolución neoconservadora. Os parenteses breves de sensación de liberdade e promesa de futuro, foron o meu ver moi escasos”,i



“Houbo algúns intres que figuraban amosar luz polos intersticios de pequenas xanelas. Tivemos espellismos diversos, mais o certo é que toda a maquinaria da desfeita e da deforestación emocional segue en pe (cos seus mecanismos de illamento e separación). Envalentonados polos éxitos das últimas carnicerías no planeta. Polas novas variantes dun totalitarismo intersticial. Case de guerra civil molecular na sociedade do risco. A loita de Amnistía Internacional, das diferentes ONG humanitarias e dos grupos ecoloxistas”, engade.

A pintura de Patiño sitúase nunha encrucillada entre a figuración e a abstracción na que non deixan de reaparar unha serie de signos, marca persoal do seu autor. “Hai un xogo que as verbas materializar/inmaterializar poden expresar. Nesa dialéctica ou equilibrio de contrarios, existe unha polaridade antagónica a xeito de campo magnético. A verdade é que me movo por contrarios e tento apreixar a electricidade que xorde dunha estética curtocircuíto. Se o artista, o pintor fai de mediador entre natureza e cultura, quere dicir que fai de ponte inconsciente. O inconsciente sería a propia “natureza” interior. A nosa terra virxe. O espazo indómito. Aí nese espazo magmático viven os signos e os mitos. Habita a fantasía. O único que hai que facer son conexións. O infinito é se cadra só un 8 deitado que se pon a soñar. Mais na horizontal do soño aparece a alianza onírica das imaxes”, explica. Patiño manexa nas súas pinturas unha paleta de cor que supón unha das características distintivas da súa obra. “A miña paleta foi sempre moi viva e colorista. Mesmo exuberante. O que acontece e que o ciclo das Mareas negras deixou unha tatuaxe de loito que aínda hoxe non consegue arrincar do corpo”, destaca. O artista reivindica a mancha oceánica como emblema da súa arte e a sublimación romántica do horror ante traxedias coma a do ‘Prestige’. “A arte opera condensacións simbólicas e pode xurdir de procesos de sublimación. Xa dende o romanticismo e o simbolismo, a alianza vida/morte é consubstancial á intensidade de moitas propostas artísticas e culturais. Pode existir unha beleza impresionante no medio da meirande catástrofe. Esa impresión que nos sobrepasa: é o cerne da chamada estética do sublime”, matiza. A metáfora da fluidez é unha constante no discurso deste autor sobre as súas propias pinturas. “Se un cadro nalgún momento foi un charco, se trata de reflectir memoria dese lugar líquido. A propia pintura ao ser un material fluido permite eses achegamentos. Por eso a pintura estivo moito tempo a carón das nubes e das representacións máis fuxidías da paisaxe. A pintura permite rexistrar eses sutís cambios da percepción. Rexistrar atmosferas efémeras. E mesmo se cadra, a pintura canto máis abstracta, máis metida de cheo no balbordo material do lugar, nas texturas, na complexidade das formas, no caos fenoménico, no magma informe que constrúe e desfai as cousas. Para facer que un cadro estea vivo o que necesita é transmitir a verdade interior que o creou”, admite. Outra das teimas de Patiño é a procura dos signos e formas preverbais, non contaminados pola codificación civilizadora, que atopa, por exemplo, nos petroglifos, ós que considera as formas fundacionais da cultura galega. A orixe vital desa inqueda radical, segundo adianta, no “lento regreso na procura dun espazo incontaminado. Necesidade de sentir a natureza. Tamén de nós sentir integrados nese vaivén unitario no devalar da vida. Hai algo metido moi fondo, difícil de expresar. A procura dunha irmandade co latexo da natureza. Coido que a arte está máis perto do pensamento salvaxe ca das boas maneiras e o mundo da cultura. O instinto da arte opera desde ese espazo imantado da orixe. Como se non coñecéramos as cousas e tiveramos que comezar de novo, nunha reescritura mítica”. Quizais, un modo de escapar á anguria ante a falta de liberdade nunha sociedade na que, segundo

el mesmo lembra, citando a Foucault, o dominio se exerce a través do poder como produción do desexo, tal como acontece na industria do entretemento. “Cando Karl Kraus na Viena do seu tempo dixo que “A meta é a orixe”, vén dicir algo parecida. Recuperar o pacto coa natureza. O anxeio do “lento regreso”, que se expresa moitos anos despois ao través das palabras de Peter Handke, vai salientar quizais algo semellante. A convicción nunha verdade primixenia, alén do rebumbio da instantaneidade incesante e do presente continuo, do ruxe-ruxe do “efecto actualidade”. Onde o tempo ten outra dimensión que estaría a carón do que Henri Bergson chama “a duración”. O tempo da conciencia libre: na plenitude sensorial”, afirma. A arte pode ser, deste xeito, o mellor dos elixires contra o desacougo. “Sempre a arte ten algo de sismógrafo. Botando fóra determinadas fantasmas e obsesións tamén pode existir algún exercicio con vontade curativa. Mesmo terapéutica como facían ás veces os chamáns. A verdade é que non o teño nada claro. Teño moito interese por esa paisaxe interior do subconsciente, por ese territorio neuronal e me interesan moito determinadas experiencias-límite nese sentido. O pesanervios representou para Antonin Artaud a baixada ao inferno interior do que non voltou sair. Non sei... as miñas esculcas neste senso non teñen ese desacougo... Coido que o noso tempo é outro. O existencialismo, o desasosego tivo extraordinarias expresións na cultura moderna. O meu traballo de todos os xeitos está en marcha e non refugo cumios de intensidade meirande ao respecto”. Patiño denuncia os aspectos negativos da realidade que lle tocou vivir, pero non se abandona o refuxio acomodaticio da desesperanza. “O meu interese agora no eido teórico é ao redor da crise da percepción. Estamos a vivir nunha burbullla ateigada, nunha iconosfera veloz, nun mundo-zapping sometido a unha aceleración histórica. A pintura plantexa unha oposición radical: fala de fixeza (alude ao sagrado, ao tabú da morte) por iso é tan fortemente combatida. No calidoscopio de sensacións que xera a sociedade do espectáculo hai escintileos fermosísimos. O problema é o absorbente que pode ser ese imán audiovisual mesturado con técnicas de condutismo de masas. Os aspectos alienantes son evidentes. O circo mediático substitúe a realidade. A expropiación dos valores segue o seu curso. A cultura transxénica. O deserto emocional avanza. Crece a deforestación humana. A pesares da sensación de naufraxio colectivo coido que cómpre ter esperanza e traballar por ela. Discrepo de Adorno neste punto: coido que despois de Auschwitz (e das súas novas versións) a poesía e a arte son máis necesarias ca nunca. Non como vías de escape senón como mecanismos reais de liberación. Alén da cuadrícula positivista hai vida. A verdadeira vida”, cre. Vida, que representa a metáfora da cruz. “Agroman aí, as coordenadas decisivas espazo/ tempo. Na encrucillada entre a dimensión horizontal e vertical está a ubicación decisiva do seres humanos. Somos espazo e somos tempo. O territorio sería o espazo do horizonte, o chan, sedimento nutricional. A vertical dos soños ten que ver co tempo. O pulo ascensional, a vertice ingravida. Coido que nesa encrucillada activa, nesas coordenadas decisivas está o remuíño da creación e da vida”, cre. É o seu xeito de entender a arte.

Imantacións

Ás, ánforas, redes, flotando aquí e alá, axitándose sobre uns lenzos que, máis que as amosar, as sosteñen nunha especie de líquida suspensión vibratoria. Ou ben trémulos trazos, pegadas, sinais, a miúdo cubertos pola luz tamizada do verniz. Ou ben, á fin, curvas, sinuosidades, nós, forzas que se entrecruzan sobre a superficie sen encontrar xamais a súa converxencia.

Tensións en perpetuo movemento. Sinais en busca de si mesmos.

Diríase que tal estenografía do espírito non é senón unha manchea de imaxes que Antón Patiño ten podido capturar na súa viaxe ao visíbel, esa viaxe que todo pintor, toda pintura, comeza por nos propoñer e a partir da cal nos é dado percibir a súa aprendizaxe dos signos do mundo.

En Patiño estamos non xa ante unha viaxe, senón literalmente ante unha inmersión. A superficie do cadro non sería senón, a dun mar ao que asoman os restos dun mundo mergullado. Reiteradamente -como ben saben os coñecedores desta pintura-, as imaxes que o pintor trae do seu buceo repítense deica compoñer unha especie de pequena constelación de tensións pictográficas. Xa coñecemos nesta obra, en efecto, esas redes cernidas sobre o baleiro, esas ás nun lento despregamento, esas ánforas cuxo contido ignoraremos sempre.

Fatalidade signica.

O coñecedor desta obra acaba por esperar tales signos igual que nós, nunha cita co invariábel, esperamos a aparición das mesmas estrelas no ceo nocturno. E, aínda así, ¿non é esa aparición distinta cada vez? ¿Non nos sorpréndese cada momento nunha combinación nova, cun intercambio ou un entrecruzamento que non tiñamos previsto e que é, en rigor, imprevisíbel?

Non falo de inmersión gratuitamente. É moi cara a esta pintura a noción de naufraxio -e non en van dúas obras aquí expostas levan esa palabra no seu título-, como caros lle son igualmente os signos que asociamos sempre ao naufraxio de maneira indefectíbel: a fragmentación do mundo, os restos dunha visión que non pode ser xa unitaria senón, pola contra, discontinua, rompida. “These fragments I have shored against my ruins”, escribiu Eliot, alundindo con iso a un mundo naufragado. E o naufraxio define hoxe por hoxe, para moitos, a situación do noso mundo ou, mellor aínda, a situación da nosa conciencia do mundo.

A inmersión de Antón Patiño ten lugar precisamente aí. Unha pintura súa de 1995 titúlase -dunha maneira, ao meu xuízo, moi significativa- *Caligrafía neuronal*. Temos aprendido hai moito a identificar grandes sectores da arte contemporánea, e moi especialmente o da tradición informalista e abstracto-expresionista na que se insire a obra do noso pintor, coas turbulencias do espírito enfrontado ós abismos,

ós desgarramentos e ás forzas da conciencia. É sabido que no caso do pintor e poeta Henri Michaux, por exemplo, a pintura ou o grafismo é obra dunha exploración vertixinosa nos ritmos dunha conciencia quimicamente “alterada”, ou estimulada ás veces polos psicofármacos, e que se entrega aos seus propios movementos (*Movementos* chámase, xustamente, unha xeira súa de grafismos antropomórficos realizados na década de 1950).

Pois ben: nun dos seus textos máis inxerentes, *Emerxencias-resurxencias*, de 1972, Michaux fala dos seus grafismos e signos como de “expansións fluídicas”. O óleo e a tinta, ¿non son axentes líquidos? O que con eles se configura sobre o papel ou o lenzo ¿non comparte tamén a fluidez?

Asistimos na obra de Patiño a parecidas “expansións fluídicas”, á navegación por augas ou mares interiores. Pintar é fluidificar. As imaxes agroman a partir da fluidez dos signos, da súa humidade orixinaria. E, como no caso de Michaux, o que a pintura cartografía é unha paisaxe interior: pulsións, forzas, movementos da interioridade. A diferenza do artista belga, con todo, non lle interesa a Patiño o acceso a unha “fisioloxía” da imaxinación, senón a inscrición dos signos na “memoria” do visíbel, na emblematicación.

Todas as pinturas de Patiño se poderían titular, xustificadamente, caligrafías neuronais. Sinalaba no seu día Fernando Castro Flórez, con razón, que os signos da pintura de Patiño son “debuxos pulsionais que tenden ao emblemático”.

Pulsións, tensións, forzas. Trátase dunha empresa característica da modernidade pictórica, certamente, de Kandinsky a Klee e de Kooning a Tàpies. Diríase, aínda así, que o que distingue ao pintor galego é que o mapa ou a paisaxe da súa exploración, da súa inmersión no visíbel, está marcado o mesmo tempo pola ecomomía ou a tristeza dos signos que pola experiencia dun mundo devastado do que só sobreviven restos simbólicos: ás, ánforas, redes, pegadas dun percorrido polas pulsións interiores.

Inmersión da mirada. Memoria das augas primordiais.

Os signos e os símbolos do lenzo son o que a pintura ten imantado daquela inmersión, o que ten arrastrado consigo, case dolorosamente, deica a superficie. De aí que a pintura veña asociada aquí tamén a unha sorte de campo magnético capaz de atraer cara a el a memoria da materia, da súa perpetua xénese e, o que é máis importante, da súa perpetua desfeita. Pintura: aventura de imantacións. Ollade, sobre a tea, todo o que o pintor puido salvar do naufraxio, o que trae, febril supervivente, da súa inmersión no visíbel.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



16 NOVIEMBRE 2006 - NÚMERO 643

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Represión e resistencia
no franquismo

Cartas, vídeos, fotografías, cadros, xornais, libros, pequenas obras de artesanía, carteis, documentos oficiais... Obxectos. Ata hai só uns días, mudos, agochados, espallados. Por ser testemuñas da verdade. De corenta anos de violencia, pensamento amordazado e secuestro do avance que Galicia xa emprendera. De liberdade encadeada. A mostra 'Memorial da Liberdade. Represión e resistencia en Galicia 1936-1939', organizada pola Consellería de Cultura e Deporte, reúne no Auditorio de Galicia ata o 31 de xaneiro centos destes obxectos, auténticas pegadas do horror e do sufrimento impostos pola ditadura, pero tamén da loita dos que escolleron

Represión e resistencia

A memoria recobrada

opoñerse á mesma. Unha exposición, a maior das realizadas ata o momento no noso país sobre o tema, que permitirá, sen dúbida, a moitos galegos e galegas reconciliarse coa Historia, coa memoria do noso pasado. Unha lembranza que comeza, deste xeito, e a partir das investigacións elaboradas nos últimos anos, a liberarse tanto das ataduras do pacto de silencio que supuxo a Transición, como do silenciamento e manipulación da realidade que o franquismo levou a cabo. Para contribuír, quizais, a que a historia non se repita. A que non volten as escenas de odio coas que a exposición bate as nosas conciencias, aínda que doa. Porque a imaxe da barbarie pode ser a máis eficaz das invitacións á auténtica reflexión.

O que aquí fixeron

"Pero é que a fin da guerra non era unicamente derrotar a República, senón ganar tempo para a 'conquista' do poder político e a 'reconquista' do país. O seu obxectivo non era só vencer un réxime republicano, que lle parecía hostil, en crise e enfermo, senón laminalo, eliminalo de raíz, desartellar as súas bases sociais de apoio e impedir toda futura reorganización. E iso conseguíase non só ocupando o poder, senón facendo desaparecer todo tipo de organización, institución, ideas e persoas que foran proclives ou defensoras dese réxime. Por iso o 'novo Estado' nacerá todo el 'ex novo' e para conseguir ese obxectivo necesitaba unha táctica, dilatar no tempo as operacións bélicas, e unha estratexia, a utilización do terror. Había que ganar a guerra e, sobre todo, a posguerra". Esta é unha das teses fundamentais que Jesús de Juana López e Julio Prada Rodríguez sosteñen na obra 'Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)'.

Editado por Crítica, este libro é un dos máis recentes ensaios publicados no noso país sobre a represión franquista. De Juana e Prada actúan como coordinadores do texto, artellado a partir das investigacións de Emilio Grandío Seoane, María Jesús Souto Blanco, Ángel Rodríguez Gallardo, Ana Cabana Iglesias, Miguel Cabo Villaverde, Domingo Rodríguez Teijeiro e Xosé Manoel Núñez Seixas. O libro desterra algúns dos máis comúns tópicos sobre o proceso que conduciu en Galicia á dictadura. "Certamente", explican De Juana e Prada, "en toda Galicia sobrou 'entusiasmo antifascista', pero faltaban armas, dirección e organización. Xusto o contrario ocorreu do lado dos partidarios do golpe: os representantes da dereita reaccionaria que acudiron ós cuarteis en cumprimento dos compromisos adquiridos, moitos deles tras ser postos en liberdade polas tropas e outros que permaneceran agochados agardando o momento, foron armados sen a menor vacilación, primando as necesidades e urxencias do momento sobre o control do que se lles entregaba. A dirección e orga-

nización correspondéronlles en todo momento ós militares"...

O uso da violencia, o terror e a represión foi, segundo estes autores, algo inherente ó golpe, e non resultado da transformación do 'estado de guerra' en 'guerra civil', ó atoparse a tentativa golpista con resistencia por parte dos defensores da República.

O abandono de cadáveres en lugares perfectamente visibles e de acústica perceptible para tódolos veciños caracterizou, segundo estes especialistas, o 'modus operandi' da represión en Galicia. Así mesmo, a total ausencia de garantías marcou os xuízos celebrados polos sublevados, segundo os autores. O ensaio sinala os falanxistas, membros das JAP e da Comunión Tradicionalista, ademais de a persoas formalmente non encadradas en ningunha milicia, como principais executores do que cualifican como "política de exterminio", levada a cabo, segundo explican, en resposta ás directrices emanadas do Alto Mando Militar en toda España.

"A masiva implicación social na cultura da delación imposta polos sublevados", engaden, explica o xurdimento das listas de candidatos ó 'paseo', e o feito de que no ámbito local os niveis de represión non se corresponderan con variables como a conflictividade sociopolítica previa.

En canto ás vítimas da limpeza, segundo os autores, "máis determinante que a clase parece ser o feito de ter ostentado poder, recoñecemento e influencia social e terse identificado durante a República con posicións republicanas, esquerdistas ou anticlericais; sen desprezar, naturalmente, a importante presenza entre os represaliados de meros afiliados a sindicatos obreiros e campesiños que se destacaran pola súa participación nos principais conflitos sociais e políticos durante a etapa da Fronte Popular ou na resistencia ó golpe". "O obxectivo", conclúen, era liquidar de raíz canto significara un obstáculo para a consolidación dunha orde político por natureza incompatible coa democracia liberal e co Estado de Dereito".

Montse Dopico



Viñeta de Castelao enviada á Sociedade de Nacións para pedir a liberdade de Galicia

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas.
o aire,
as fenestras,
as olladas,

son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.
Celso Emilio Ferreiro Poema de 'Longa noite de pedra'
Cortésia de Edicións Xerais

Isaac Díaz Pardo:

“As cousas foron máis duras do que se conta”

A resistencia adoptou durante o franquismo diversas formas. Unha delas, a de intelectuais que, coma Isaac Díaz Pardo, loitaron por manter viva a cultura galega. O Laboratorio de Formas, o Museo Carlos Maside, Edicións do Castro, o Seminario de Estudos Galegos e, en xeral, todos os proxectos empresariais impulsados por

Díaz Pardo, son o resultado da teima deste artista e intelectual por recuperar a memoria histórica do país.

“Pasaron corenta anos nos que a memoria física dos feitos estivo prohibida. Hoxe está a facerse historia a partir de documentos escritos de xente desaparecida e do que queda nos arquivos. As cousas foron máis duras do que se conta”, explica.

Díaz Pardo é unha das testemuñas da “represión enorme”, como el mesmo di, imposta pola ditadura. “Aquí houbo unha guerra civil de tres anos, que non tivo nin Italia nin Alemaña. Os réximes totalitarios mantiñan o falso discurso de recuperar as corporacións medievais fronte ó comunismo e o capitalismo, cando en realidade o que fixeron foi facer medrar o capitalismo. En Italia o réxime toma o nome de fascismo e en Alemaña de nazismo. En España non se lle puxo nome, pero foi máis ou menos o mesmo. O único que ó final defenderon foi o capitalismo, e tentaron xustificarse indo contra o comunismo, que adquirira moita forza e prestixio ó triunfar a revolución rusa”, opina.

“En Galicia non houbo guerra, pero si orde de rematar con todo aquilo que tivera que ver coa Fronte Popular, incluso cos galeguistas de dereitas. Eu mesmo, con 16 anos estiven agochado na casa de meu tío, porque pertencía ás Xuventudes Socialistas Unificadas”, destaca.

“Cando meu pai vén a Santiago no ano 1920, faino como membro das Irmandades da Fala. A casa onde nacín actuou como un instrumento para unir os galeguistas da Coruña e do sur de Galicia. Por

iso coñecín a Castelao, Otero Pedrayo, Paz Andrade..., pero sobre todo a Casal. Eu tiña 16 anos cando inmolaron a meu pai. Logo, o resto da miña vida, actuei segundo me foron levando as circunstancias. Creo que fun sempre leal, aínda que tiven que transixir e vivir con todo o mundo. Non sinto odio cara a ninguén”, afirma.



“Os executores da represión eran xente conducida cara a aquilo. Os humanos somos moi complicados, gardamos algo de salvaxe que se pode despertar”, engade. A represión franquista deixou, segundo Díaz Pardo, pouco espazo para a resistencia. “Non houbo moito en Galicia, á parte dos guerrilleiros que se foron ó

monte. Os comunistas eran os máis comprometidos. Logo, a medida que se descompón o réxime, xorden outros modos de oposición. Os intelectuais e artistas pouco puideron facer, pero si polo menos manter a presenza de Galicia, que tamén é un xeito de resistencia. Cando nós creamos a editorial, nos 60, non se podía dicir todo o que se quería”, entende.

“É necesario recuperar a memoria, pois construír un futuro sen coñecer os antecedentes é como querer facer unha árbore sen raíces. En España o fascismo durou 40 anos, e logo continuaron os mesmos, e dígoos sen xenreira ningunha. Xa é tempo de superar o certo pacto de silencio ó que se chegou na Transición. Aínda hoxe hai poderes reaccionarios que se resisten a recuperar a memoria, pero hai que facelo porque o que non se recupere caerá na intrascendencia”, asegura. O franquismo supuxo para Galicia, segundo o artista, unha volta cara a atrás en moitos aspectos. “Galicia progresaría moito estruturalmente se non fose pola ditadura. Antes da guerra xa había un Seminario de Estudos Galegos, que incluso coa democracia non volveu ser impulsado desde ningunha entidade oficial”.

Montse Dopico

Pola fin do pacto de silencio

O estado do noso coñecemento acerca da repressom franquista tem avanzado notavelmente nos últimos anos ao calor das investigacións emprendidas por estudiosos pertencentes tanto ao ámbito universitario como ao do asociacionismo cultural e o dos investigadores por libre. Porém, na Galiza levamos um retraso considerável no atinente à reconstrução histórica do período da guerra civil e a ditadura e, en consecuencia, também no tocante à recuperação da nossa memória histórica democrática. Isto deve-se em grande medida ao pacto de silêncio tacitamente decretado durante a Transição Democrática, cujos beneficiários principais fôrom os herdeiros políticos do franquismo.

A repressom é um aspecto indissociavelmente ligado ao estabelecimento de um regime ditatorial e criminoso resultante do golpe de estado de Julho de 1936 contra a legalidade democrático-constitucional representada pola II República. No nosso território, e em ausência de guerra convencional, que nom de resistência, o tal regime ditatorial acometeu umha guerra de extermínio contra civis desarmados, um autêntico genocídio que haveria de durar ao menos até o fim de 1954 (data de extinção da guerrilha anti-fascista), alongando-se a mecânica repressiva e, já que logo, o período de duração do levantamento militar até o mesmo ano de 1975.

As modalidades que revestiu a repressom fascista na nossa terra fôrom as seguintes:

1. Repressom física, entendendo por tal os assassinatos via conselhos de guerra-farsa e via passeios, os maus tratos de diversa fasquia (malheiras, torturas, cortes de cabelo, violaçons, etc., etc) e também o estabelecimento de um sistema penitenciário (a incluir

cárceres, campos de concentraçom e campos de trabalhos forçados) de dimensons colossais para a Europa do seu tempo e brutalidade sem limites no seu funcionamento interno.

2. Repressom económica (multas, roubos e extorsons pecuniárias de todo o tipo), e laboral (expulsom do posto de trabalho, requisiçom de meios de produçom e ferramentas, discriminaçom no acesso ao mercado laboral).

3. Repressom ideológica, a cargo da escola fascista e mais a Igreja.

O resultado da açom combinada destas modalidades repressivas foi um país decepado, destruído, descabeçado dos seus quadros políticos, sindicais, laborais, culturais e intelectuais de mais valia, con funestas consequências para as geraçons futuras e em especial para a mulher.

A memória democrática da República e a memória colectiva de Galiza como naçom fôrom quase extirpadas. Se conseguírom sobreviver foi, basicamente, graças ao esforço por manter os laços identitários e resistentes a cargo de diversos colectivos de perseguidos e represaliados, tanto no exílio como no interior.

A Transição Democrática, hegemonzada polos herdeiros directos do fascismo, supujo um duro golpe para a recuperação dessa memória e o reconhecimento público do valor e dignidade das vítimas da repressom. Neste labor andamos agora envolvidos diversos colectivos. Velaí onde cobra sentido este Ano da Memória que, esperemos, sirva de punto de arrinque à culminaçom dessa angueira num imediato futuro.

Carlos Francisco Velasco Souto.
Profesor de Historia Contemporánea
na Universidade da Coruña

A memoria da resistencia

No Congreso que acaba de celebrarse en Pontevedra os días 9, 10 e 11 pasados, organizado pola Consellería de Cultura, fixemos un repaso sobre as tráxicas consecuencias que trouxeron para a nosa terra a sublevación militar-fascista de xullo do 1936 e as case catro décadas de ditadura franquista; e o inxel da resistencia galega á esa ditadura.

A represión desatada polos sublevados dende o primeiro día deixou unha nómina de vítimas que é tan longa (¿10.000, 15.000 persoas?) nesta altura da investigación que nos permite etiquetala de guerra de exterminio físico e ideolóxico. Pero tamén houbo unha iria resistencia aos golpistas triunfadores, resistencia que se nos primeiros días tivo os seus fronts principais nas cidades e nas vilas, mantívose nos montes de Galiza durante case vinte anos.

Os protagonistas iniciais dese combate eran socialistas, anarquistas, comunistas, galeguistas, sinxelos republicanos..., pero sobre todo, xente do común, *a flor do pobo* en palabras de Castelao, xente que, sinxelamente, gozara coa esperanza do progreso, da liberdade e do autogoberno. Centos, senón miles, desas persoas, mal armadas e lonxe de calquera fronteira democrática agás o mar polo que fuxiron algúns e aínda máis se perderon, conseguiron canear a directa represión, uns agachándose en cortes e faiados, outros como “escapados” forzosos nos montes do país.

Foi dese xeito como xermolou a primeira resistencia, unha actitude de autodefensa diante da persecución que contra deles exercía a garda civil, as milicias de Falanxe e unidades do exército esta etapa, máis de supervivencia que ofensiva, durou ata 1939 cando rematou en España a Guerra Civil e comezou a Segunda Guerra Mundial.

Podemos acreditar que entre 1940 e 1944 a resistencia galega acadou unha certa organización: o galeguismo político, no interior, nas catacumbas e despois no eido cultural, quería no exterior encadrarse no republicanismo; por outra banda, tanto cenetistas como comunistas tentaban reorganizar a mínimas estruturas, e por derivación

do anteriores grupos de resistentes armados artellaron as súas primeiras redes. Comezou dese xeito a verdadeira guerrilla.

No paso de 1944 a 1946 a segura vitoria en Europa dos aliados sobre a Alemania e Italia nazifascistas aliadas de Franco, permitía albiscar unha esperanza, matinando os resistentes (así llelo aseguraban dende o exilio) que as democracias axudarían a derrotar o rexime franquista.

No lustro 1945-1950 a guerrilla galega, pulada polo Partido Comunista exclusivamente, andou nunha potente dinámica de accións armadas (enfrentamentos, eliminación de fascistas destacados, sabotaxes) e de propaganda (ocupación de pobos, boletíns, volantinas), que converteron o *Ejército Guerrillero de Galicia* e as súas Agrupacións, principalmente a IIª ourensán e a IV coruñesa, nunha contundente e activísima forza de oposición que, como recoñecía no 1948 o propio Ministerio da Gobernación, constituía un problema importante para o franquismo.

Pero cambios internacionais (“guerra fría”) ían dando respectabilidade a Franco, o propio Partido Comunista decidiu variar a súa estratexia cara ao abandono da loita armada e a infiltración sindical, e entre 1950 e 1954 as forzas policiais e da garda civil deron cabo traumáticamente dos últimos e irreducibles resistentes. Os anos sesenta foron os da reconstrución sindical e do nacionalismo galego, unha nova xeneración, xa outra historia.

E resumamos para concluir. Nesta altura sabemos que a resistencia armada galega foi senlleira e que o franquismo só puido implantarse matando; na represión subseguinte a 1936, no exilio e na guerrilla perdeu Galiza a capa que tiña a democrática misión histórica de dixerila, política social, económica e culturalmente. Esa foi outra -e principal- das dramáticas consecuencias de corenta anos de ditadura franquista.

A verdade é teimuda e nos fai libres.

Bernardo Máiz Vázquez. Doutor en Historia Contemporánea e profesor

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.




23 NOVEMBRO DO 2006 - NÚMERO 644

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Libro galego:
novidades editoriais



Libro galego

Para facer país

Ler. Para tentar entender unha realidade complexa e escorregadiza. Para fomentar a conciencia crítica e resistir a tendencia á uniformización do pensamento. Para que o ocio se torne non só evasión e refuxio das inquedanzas cotiás, senón tamén espazo para a reflexión e o coñecemento. Para acceder a outras realidades sociais, políticas e culturais. E para facer país. A través do apoio ó esforzo dos escritores e editores galegos, que compiten nun mercado liderado por literaturas creadas fóra das nosas fronteiras. Para fornecer a nosa cultura de sinais de identidade



Xoán Ramón Díaz

Autor de 'Chuvia Mansa'

“Interésame o conflito”

A editorial Tris-Tram publicou recentemente a novela de Xoán Ramón Díaz ‘Chuvia Mansa’, segunda entrega da colección ‘Manolo Meiriño’. Esta serie, da que o autor prepara xa a terceira parte, comezou con ‘A xeada negra’, obra agora reeditada.

O personaxe que lle dá nome a esta colección, Manolo Meiriño, é un moinante con certo alento de detective privado. “Meiriño medra en ‘Chuvia mansa’ como personaxe. Os feitos que lle acontecen obríganlo a tomar as rendas da súa vida”, explica o seu creador. O fío condutor da novela non é, como na anterior, a historia, senón, como sinala Díaz, “o mal que nos envolve a todos, e que a pouco escaravellar aparece ata en cidades pequenas coma Lugo, na que se ambienta o libro. Sigo a precisar contar o que lle ocorre á xente que ten conflitos, por iso escribo novela negra, na que a acción se desenvolve en ambientes sórdidos, de noite, con personaxes que son perdedores, cun lado escuro, cego”, afirma.

“Sempre falando desde unha certa ambigüidade, da posibilidade de que ata o ser máis miserento posúa unha grandeza moral extraordinaria. Se manteño o mesmo personaxe, é porque quedaba moito que dicir sobre a hipocrisía, as aparencias, a falsidade... que, levadas ó extremo, dan lugar á delincuencia, á maldade... é un tema inesgotable”, opina o escritor.

“A novela”, engade, “mestura xéneros. O xénero negro é un pretexto para chegar a ese mundo, a través do esperpento, a hipertrofia, a burla, a ironía. Non tento facer moral. É un pouco máis densa e seria que a anterior, máis amarga”.

“Escribir unha novela supón un esforzo moi grande”, sinala. “Eu escribo sen proxecto anticipado, tirando para adiante. Chega un momento en que non sabes se é o relato o que te conduce a ti. Personaxes creados como secundarios de repente fanse protagonistas, feitos tratados de esquellos fanse fundamentais. Deixo que me leven os personaxes e as situacións. Escribo desde neno. Xa de pequeno lles contaba contos ós meus amigos, que eu inventaba”, lembra.



Marica Campo

Creadora de 'Abracadabras'

“A poesía é ritmo”

A escritora Marica Campo gañou co poemario para nenos ‘Abracadabras’ o premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas. Edicións do Castro publicou esta obra hai uns poucos meses.

“É máis difícil escribir para nenos, facer algo sinxelo. Non porque os nenos sexan parvos, senón porque hai que falarlles de cousas concretas, do mundo dos seus intereses, os animais por exemplo. O libro é axeitado para nenos duns oito anos, ou máis se non están afeitos a ler”, asegura.

“É curioso como, no caso da poesía, os nenos captan o que ten relación coa rima e o ritmo. Apartouse moito a poesía da xente ó esquecer que era unha linguaxe do corpo. Quíxose facer dela algo só da parte do espírito. Así fíxose unha poesía afastada. A poesía naceu para acompañar movementos, xogos. De nenos coñeciamos moitos xogos, nos que o que importaba era o ritmo e non a letra”, cre Marica.

“Ó representar teatro, ós nenos gústalles facer papeis de maiores. Ás veces, se lles damos o que lles apetece, non é o máis axeitado para eles. Os nenos de hoxe non xogan a xogos participativos. A poesía é un lugar privilexiado para a palabra. Parece que a palabra está desaparecendo. A poesía proporciona unha filosofía válida para a vida, de compaixón, amor á natureza, sentimentos...”, entende a escritora.

A oferta literaria para nenos incrementouse moito nos últimos anos, segundo sinala a poeta. “A imaxe é hoxe máis importante que nunca, por iso o libro para nenos incorpora moitos máis elementos, como a ilustración. Hoxe hai máis posibilidades. Os libros de antes trataban de moralizar. Cando escribes, aínda que só transmitas un sentimento, estás a posicionarte. Hoxe xa non tenta moralizar, e dise que a literatura debe ser transgresora para ser actual. Eu creo que non debe ser nin todo didactismo e moral nin todo o contrario, non é falar mal porque si, por exemplo”, di. Marica Campo é profesora e, ademais, unha das primeiras docentes de Galicia que escolleron voluntariamente ensinar o idioma galego ós rapaces.



Xabier Quiroga
Creador de 'Se buscabas un deus'

"Sempre haberá alguén que se rebele contra o poder"

'Se buscabas un deus' é a última novela de Xabier Quiroga, un escritor que se deu a coñecer coa novela 'Atuado na Braña'. A editorial Xerais publicou estas dúas obras. "Non quixen facer unha segunda parte de 'Atuado na Braña', senón algo diferente. Aquela tiña un protagonista maduro, e nesta é un mozo. Esta mira ó futuro, aquela ó pasado. A temática cambiou, e tamén o estilo: de terceira persoa omnisciente, a narrador omnisciente pero en primeira persoa, con diálogos integrados...", explica o autor. A trama de 'Se buscabas un deus' xira en torno á busca da verdade e da liberdade. "A novela fala das novas tecnoloxías, dos movementos antiglobalización, e dunha estrutura de poder que se vai consolidando. Escribina na época de Bush e Aznar, nun contexto opresivo e de pensamento único. É un tema xa coñecido, que quixen achegar á sociedade galega", afirma o autor. A obra combina unha mensaxe pesimista cun certo atisbo de esperanza. "Ó final o poder acaba esmagando ás persoas, ó individuo. Pero é certo que sempre vai haber xente que se rebele, coma o protagonista, un mozo. Vivimos nun mundo de control, de consumo, cun poder que nos seduce a través da calidade de vida, pero hai cousas máis importantes", cre Quiroga. 'Se buscabas un deus' é unha novela de case cincocentas páxinas. "Ten unha estrutura de certa complexidade. É unha novela completa, que esixe un esforzo para lela, pero que se segue fácil. Tamén dependerá do momento no que te colla", destaca. Quiroga afirma ser "a mesma persoa desde a primeira novela. Mantense sempre o teu estilo persoal, que creas inconscientemente. Só quero escribir e estar contento co que escribo, que debe ter certa calidade e nivel. Tampouco son un escritor profesional, vou a pasiño". Este creador reconece o mérito das editoriais galegas. "A literatura galega depende moito do ensino e da subvención, e é subsidiaria da castelá. É un pracer meterse neste mundo de resistencia, de loita de pequeno país", pensa.




Dionisio Pereira
Autor de 'O movemento libertario en Galicia'


"Os galegos non somos xente submisa como di o estereotipo"

A Nosa Terra acaba de publicar o ensaio 'O movemento libertario en Galiza (1936-1976)'. Dionisio Pereira e Eliseo Fernández son os autores desta obra. "Eu estudo desde hai vinte e pico anos o movemento obreiro e o sindicalismo. Eliseo xa escribira sobre a CNT en Galicia. Os dous traballamos xuntos sobre aspectos locais, logo a escala xeral na enciclopedia sobre o anarquismo galego, e en ámbitos sectoriais. Entón decidimos hai cinco anos completar o puzzle e reunir todo o que xa tiñamos", destaca. "Manexamos unha cantidade de fontes moi ampla e variada, porque foi un traballo devagar. Introducimos por exemplo entrevistas que eu fixera nos anos 60 e 70. Tamén é certo que partimos de certa complicidade co tema, un reflicte o seu posicionamento no mundo cando recrea o pasado". "Un dos obxectivos do libro", engade, "e da nosa traxectoria investigadora en xeral, é amosar que os galegos non somos xente submisa, como se nos presenta nun estereotipo imposto desde fóra. Ó contrario, houbo xente que se rebelou e sufriu por iso, e grazas a eles estamos mellor que hai trinta anos". Pereira e Fernández centran o seu labor investigador nun terreo pouco explorado en Galicia. "Houbo na historiografía un certo ocultamento dos movementos sociais, caso do obreirismo. Primouse o estudo dos movementos agrarios e do nacionalismo", aclara Pereira. "O libro conta", engade este autor, "a historia dunha derrota do movemento libertario pola represión franquista e por unha estratexia errada que o levou a confiar demasiado nas boas intencións dos aliados durante a Segunda Guerra Mundial e dos sectores antifranquistas monárquicos, que o traizoaron. A CNT deulle máis importancia á parte política, á estratexia de unión coas forzas antifranquistas, e descoidou o traballo sindical. Deste xeito, cando o franquismo se prolongou, quedaron moi illados da súa base social. Pero temos que estarlles agradecidos polo seu labor. Aínda hoxe quedan a CNT e a CGT", conclúe.

'Labregos no franquismo. Economía e sociedade rural na Galiza interior' é unha análise das principais liñas de evolución do agro galego durante a ditadura: a fin da agricultura tradicional, a represión e control sociopolítico do campesiñado e as relacións dos burócratas e falanxistas locais coa paisanaxe. Publicado por Difusora das letras, artes e ideas, esta obra do historiador Anxo Collarte Pérez aborda os procesos, -de camiño entre a adaptación e a resistencia-, de reacción dos labregos ante unha realidade que lles era imposta sen ter en conta os seus intereses. O libro parte de fontes documentais proporcionadas por institucións locais do réxime e das testemuñas de vida recollidas entre as xentes do agro da época. Collarte comeza este texto cun estudio sobre as irmandades sindicais de Ourense no franquismo. Continúa cunha descrición sobre o sindicalismo franquista e a súa influencia na economía agraria, prestando especial atención ós casos de Coren e Caja Rural, para seguir cunha parte sobre a sociedade rural na 'longa noite de pedra' da represión posterior á guerra. O autor remata cun ollar á época da Transición e a democracia.




Baía Edicións tenta con esta obra da profesora Inés Fernández Buján contribuír a paliar o esquecemento que o tema da muller ten sufrido nos currículos específicos das materias de Bacharelato. Un esquecemento cómplice da invisibilidade que sufriron as mulleres ao longo da historia. O libro analiza, deste xeito, tanto o que os filósofos pensaron sobre as mulleres coma o discurso construído polas donas unha vez que accederon á filosofía. As mulleres filósofas responderon, tal como amosa este estudo, ós prexuízos dos seus coetáneos desde a racionalidade que ós homes lles faltou. A obra estrutúrase en cinco partes: as catro primeiras sobre as distintas épocas da filosofía -antiga, medieval, moderna e contemporánea-, e unha quinta con actividades e textos. No capítulo dedicado a cada división histórica esbózase unha pequena crítica da razón patriarcal, para bosquexar despois un percorrido pola teoría e a práctica feministas, así como unha breve escolma de filósofas de cada época. Fernández imparte clases de Filosofía no Ensino Secundario e ten participado en numerosas actividades de formación.




A profesora Ana Sánchez Bello coordina a obra 'Políticas públicas de igualdade. Perspectiva de xénero', publicada por Edicións Laiovento. Este ensaio aborda as políticas de igualdade de oportunidades para as mulleres a través das que, a partir dos anos 70 e en resposta á presión de diversos colectivos, as institucións públicas tentan protexer as donas contra unha discriminación que continúa a ser unha realidade a pesar dos cambios do marco legislativo, base dunha igualdade só formal. O libro artéllase en torno a cinco eidos concretos, desde os que se analizan as políticas de igualdade de oportunidades; o ámbito da implementación e desenvolvemento das políticas de xénero en España. O mercado laboral, as políticas de conciliación, a educación e a violencia sexista. Judith Astelarra, María do Carme García Negro, Esther Sánchez Torres, Pilar Ballarín Domingo e María Jesús Izquierdo son as autoras destes apartados da investigación. Ana Sánchez Bello, pola súa banda, escribe unha introdución na que describe as bases conceptuais da desigualdade e contextualiza o nacemento das políticas de igualdade de oportunidades, introducindo o lector no marco temático dunha obra editada coa colaboración da Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña.



Pedro Ferriol e Begoña Yácer puxeron nas mans de Xavier Senín cinco cadernos que reúnen os poemas das obras de María Victoria Moreno 'Elexías da luz' e 'Duns folios que foron brancos'. A primeira fora presentada a un premio literario baixo un pseudónimo, e a segunda era un poemario no que a poeta estaba a traballar antes de falecer. A estes dous libros engádense catro poemas máis e o arrollo que súa nai lle cantaba á escritora para durmila. Así se conformou o libro 'Elexías da luz', editado por Xerais en homenaxe a María Victoria, unha galega namorada da súa lingua e cultura que limitou, case en exclusiva e por vontade propia, a súa creación á literatura infantil e xuvenil, cultivando tamén a narrativa para adultos e a crítica literaria en galego e castelán. Comprometida e boa profesora, María Victoria Moreno elaborou tamén obras didácticas e mesmo unha antoloxía sobre poetas galegos. Capaz de transmitir unha auténtica paixón por poetas como Antonio Machado, Fray Luis de León, Celso Emilio, Rosalía, Ronsard ou Miguel Hernández, esta autora escribiu tamén poemas, se ben a súa produción lírica é moi pouco coñecida.



Edicións do Castro publica o primeiro poemario de Mariña Pérez Rei baixo o título 'Fanerógama'. Esta obra gañou o XVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, convocado polo concello de Dodro. 'Fanerógama' nace, segundo destaca Baldo Ramos no comentario introductorio desta obra, da agónica necesidade de comunicar e comprender o mundo coas palabras da súa autora, que escribe sobre o que ten vivido. Mariña Pérez amosa nesta obra a súa capacidade para crear linguaxe, con imaxes orixinais e un discurso crítico e sereno. As súas metáforas xorden da experiencia da dor: da lembranza do Prestige, do terrorismo, da guerra e da inxustiza. Un libro que renuncia a unha estrutura ríxida e opta por un buscado fragmentarismo. A fragilidade convértese neste poemario en proposta contra a violencia, e un visible sensualismo simboliza a comprensión, o interior do que nace a escrita. Phanerógamas son as plantas que teñen os órganos sexuais á vista. Semente para compartir, segundo indica Baldo Ramos. Unha palabra xenerosa e solidaria. A dunha Mariña Pérez honesta, fanerógama e leal á herdanza de Eusebio Lorenzo Baleirón.



Espiral Maior recompila por primeira vez en 'O cristal da sede' a creación poética de Henrique Rabuñal. Este libro recolle os poemas incluídos en dous textos anteriores: 'Poemas da luz e da loucura' e 'O tempo demorado nos marmelos'. Engade, ademais, cinco obras inéditas: 'O país que veu do chapapote', 'A xema dos confíns', 'Noticia da morte', 'Humus e grito' e 'últimas palabras reveladas'. 'Poemas da luz e da loucura' é, segundo sinala Teresa Seara na introdución crítica do recopilatorio de Espiral Maior, un exercicio de introspección no que o un eu inseguro lidia coa súa loucura procurando a luz da certeza. Despois dos primeiros poemas, a temática diversifícase explorando as luces e sombras da existencia humana: as vivencias máis plenas e a dureza dos peores momentos. Rabuñal extrapola sentimentos vinculados á casa natal, ó país e á lingua. O soño artella tamén a poética deste autor: soño do amor, da patria liberada, de vencer a morte ou da pervivencia da lingua, entre outros. Henrique Rabuñal é non só poeta, senón tamén narrador, dramaturgo, ensaísta, investigador... e, sobre todo, galego comprometido coa súa cultura.



Xerais edita 'Vinte anos retornando', a crónica que Xosé Neira Vilas escribiu sobre a experiencia das doce viaxes que realizou coa súa compañeira Anisia Miranda desde 1972 a 1992 cando, despois de máis de corenta anos de emigración en Brasil e Cuba, deciden volver para ficar en Galicia. Neira Vilas marchou para Bos Aires ós vinte anos. Alí casou con Anisia, e con ela trasladouse para Cuba co obxectivo de participar na experiencia revolucionaria que acababa de triunfar naquel momento. Despois de doce anos na Habana, a parella decidiu regresar a Galicia, terra que Anisia, cubana filla de emigrantes galegos, nunca antes pisara. Pero o retorno non foi repentino, senón que durou vinte anos. Dúas décadas de viaxes á patria de Neira Vilas. 'Vinte anos retornando' relata o vivido por quen volve unha e outra vez ó país ó que pertence, neste caso coincidindo coa época da Transición. O libro é tamén unha homenaxe a todos os que, segundo o escritor galego, foron e son referencia imprescindible na evolución histórica e cultural de Galicia. Unha crónica da emoción do reencontro cos seres queridos e dos acontecementos políticos e culturais da época.




A novela de Francisco Castro 'Spam', editada por Galaxia, foi a gañadora da última edición do Premio Blanco Amor, convocado polo concello de Neda. Castro desentraña nesta obra unha historia totalmente orixinal no seo da narrativa galega contemporánea. A historia dun director de empresa incapaz de comunicarse cos demais fóra do chat e de observar o mundo sen unha cámara. Unha persoa obsesionada con espiar a vida dos demais a través da web-cam e das cámaras coas que controla ós seus traballadores. A acción desenvólvese en dous ambientes pechados, espazos nos que se moven moitas persoas na sociedade de hoxe: a empresa e internet. 'Spam' é unha obra moi actual, que mestura a crítica social cunha clara ruptura da ortodoxia narrativa. Unha novela transgresora, diferente, que racha coa linealidade do discurso, ó ser en realidade un hipertexto virtual, cuns personaxes que non teñen máis nome que o nickname e máis vida que a da atmosfera abafante na que respiran. Francisco Castro traballa na xestión cultural e na comunicación. É autor de libros como 'Amor de cinema', 'Play-Back', 'A canción do náufrago' ou 'Xeografías'. As súas últimas obras publicadas son 'Xeración perdida' e 'Un bosque cheo de faias'. Castro obtivo varios premios literarios polas súas creacións.



Galaxia reeditou este ano o libro de relatos de Miguel Anxo Murado 'Mércores de cinza', publicado por primeira vez en 1998. Esta obra desenvolve dezaseis historias centradas nos ritos de paso que compoñen a experiencia humana. Un rapaz que acaba de perder a seu pai participa na extinción dun incendio forestal que se converte en metáfora da súa dor, un home enfermo visita a un amigo no Xapón, unha nena trata de asumir a necesidade de levar lentes, dous amigos compiten pola mesma rapaza... Miguel Anxo Murado aborda a infancia, a mocidade, a madurez e a vellez cun tratamento narrativo que mestura a sinxeleza con reviravoltas inesperadas e un estilo moi persoal. A través da descrición de situacións límite, e cunha escritura que esculca nos detalles cotiáns en aparencia insignificantes, Murado salienta o que pasa desapercibido, pero non deixa de ser relevante na vida das persoas. Este autor adícase profesionalmente á literatura e ó xornalismo. Destacan entre as súas creacións libros de relatos como 'Memoria de Derribos' e 'Ruído', e o ensaio e diario dunha viaxe 'Caderno de Xapón'. Tamén é autor teatral, tradutor e guionista.



Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



Imaxe de contracapa: deseño de cuberta da novela de Teresa Moure 'Herba moura', editada por Xerais. Realizado por Miguel Vigo. Imaxe de portada: cadro da pintora impresionista Berthe Morisot, titulado 'A Lectura'. Recoillido na obra 'El impresionismo en detalle', de Simona Bartolena. editado por Mondadori Electa.

30 NOVEMBRO DO 2006 - NÚMERO 645

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS

Manuel Vilanova
Cara á Arcadia

15.000 versos son o resultado de cinco anos de traballo constante, durante cada día, un labor que o poeta Manuel Vilanova (Barbantes, 1944) acaba de materializar en 'A esmeralda branca'. O escritor ourensán inténase en Galiza a través dunha "viaxe iniciática polos mitos" acompañado dunha meiga, "unha representación literaria da miña muller, inspirada na Laura de Petrarca" -segundo o autor- coa que percorre os lugares onde pasaron as súas infancias, no Ribeiro, en Ourense, en Tui, en Vigo e nos espazos que compartiron ata conformar "unha nova Arcadia, un novo paraíso". Por primeira vez o creador de 'E direivos eu do mister das cobras', que reeditará Libros Frouma, recorre neste poemario ás "lembranzas poéticas doutras épocas" ata acadar "unha unidade poética global" a través dun proceso cíclico no que os momentos vividos na infancia marcan o principio e a fin desta mítica viaxe. Para Vilanova 'A esmeralda branca' desenvólvese en dous tempos "un como receptáculo" -que é o espazo físico- e outro como "intución, o que é a percepción que eu teño dese tempo" manifesta o poeta. A obra, artellada no tempo real, non presenta

ningunha división temática porque como lle pasaba a Proust, Vilanova "non sabía como dividir o tempo perdido" e máis cando se traballa con tanto material. O nome deste cancionero, no que o poeta identifica a demiúrxia, a muller e a terra desde unha nova mentalidade lírica, "atopeino na historia de Ribadavia do padre Samuel Eiján, nunha nota a pé de páxina onde falaba da esmeralda branca" ou cuarzo cristalizado, "unhas pedras que hai nos montes galegos e que son algo moi querido para min dende a infancia porque "son como unha mancha de beleza, de fermosura e de cor, que impregna todo". A pesar de escribir os seus primeiros poemas en castelán e dar clases neste idioma, Vilanova di estar "moi instalado no mundo en galego" e é "que me é moi difícil saír del" explica o galardoado co Premio da Crítica Galega por 'A lenda das árbores de prata', quen lembra como o idioma do país "lle estoupou nas mans polos anos 60" e foi na universidade "onde entrei en verdadeiro contacto con el". Tras 525 páxinas de poemas, o escritor ourensán xa traballa nunha colección de epitafios "uns máis literarios e outros máis reais" que levará o nome de 'Epigramas' ou 'Herbiñas do campo'. Coa idea de volver a facer crítica, Vilanova, loado por Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Fernández del Riego ou Vicente Aleixandre, celebra con 'A esmeralda branca' o regreso á poética galega.



O regreso

4 | **r d l**
Galicia Hoxe 30/11/06

Manuel Valcárcel

Despois de tantos anos, despois de recibir o Premio da Crítica Galega en 1985 polo libro 'A lenda das árbores de prata', Manuel Vilanova volve á poesía galega e faino pola porta grande, cunha obra monumental, xenerosa, xigantesca, auténticas Obras Completas que xustifican de seu a súa presenza como unha das voces máis poderosas da lírica galega contemporánea. Sería anecdótico dicir que este é un dos meirandes poemarios das nosas letras en esforzo creativo, varios centos de poemas, moitos milleiros de versos, se non é o labor compositivo máis denso realizado nunca por un poeta galego, sería, digo, anecdótico se non fose porque ese esforzo está pulido e traballado ata o exceso, cun discurso plenamente coherente, perfectamente imbricado en cada un deses versos, como labor dun ourive paciente e esperanzado, namorado do seu traballo é mestre nas artes de compoñer e describir o seu mundo máis fondo e persoal. Imaxinamos a Manuel Vilanova, ao longo de tantos anos, a traballar silandeiro como un auténtico monxe medieval, afastado dos adobios e do barullo da ruidosa vida social, a retocar con agarimo a súa obra coma se se tratase dunha miniatura que sabe, ben o sabe, ha de transcender o tempo e permanecer aquí, no discurso poético futuro, cando de todos nós non quede máis que unha sombra namorada. Como un auténtico monxe medieval, Vilanova entrega a súa vida á poesía, consciente da sacralidade da súa función que o emparenta cos nosos grandes trovadores doutra hora e que lle permite dialogar coas voces que ó longo dos séculos deixaron a súa máis fonda pegada na creación dunha nova realidade poética. Imaxino o poeta na súa casa de Barbantes, na atalaia que coroa o seu estudo, arredor dos libros ben amados, a contemplar as néboas do Ribeiro que agardan da súa chamada para esvaeirse, a pasear polos xardíns rodeado do seu can e dos seus gatos, sempre curiosos arredor dun home que non ten máis arma que a súa pluma e os papeis que darán conta do seu destino. Ninguén pode entrar nese territorio íntimo, relixioso, no que o poeta se enfronta consigo mesmo, sabedor de que dese diálogo ha xurdir a obra de arte que inmortalizará para sempre esas terras tan amadas, que consagrará en letras de molde o sentimento fuxidío das horas perdidas, que converterá os silencios en paixóns e emocións a compartir cos lectores e lectoras. Estamos ante un libro tan monumental, atemporal como unha Catedral románica, como persoal e cálido á súa vez nas voces que del emanan. É unha obra para ler de vagar, sen presas, para non rematar nunha primeira nin nunha segunda lectura, porque o seu universo é tan poderoso que esixe varias voltas e relecturas, sempre a man como a fonte fresca que nos dá acougo no noso camiñar cos mellores versos, coa imaxinería máis ricaz, cun mundo propio milagrosamente acollido nas humildes páxinas de papel dese obxecto fermoso e intransferible que é un libro de poesía, de gran poesía. Seguimos a falar, inevitablemente, das raíces. Da identidade sempre cuestionada. Da necesidade de recoñecérmonos como algo máis que un individuo nas treboadas do mundo. E falamos de novo de raíces, de identidades, de cultura, de nación, de todo aquilo que se acocha ó abeiro dos nosos desexos e esperanzas. E a identidade do poeta é, sen ningunha dúbida, en primeiro lugar, a súa propia lingua e as súas terras natais, a súa infancia lembrada e o recoñecemento das primeiras paixóns do ser. Tivo a sorte Manuel Vilanova de nacer nunha terra de grandes poetas, unha terra matria capaz de erguer unha literatura de seu contra todas as dificultades e negacións e unha terra próxima que identifica as paisaxes primeiras que viu o ollo humano. Unha terra que, nas súas lindes máis próximas, contou ademais co agarimo de grandes poetas, voces como Eladio Rodríguez González ou Samuel Eiján que converteron o Ribeiro en materia poética dos seus versos, ou máis recentemente Gómez Alfaro. Do Barbantes natal ó Ribeiro, pequena patria; dos xigantescos penedos, poemas da natureza, de Pena Corneira ata as terras monterías de Os Chaos de Amoeiro que xa invocara don Ramón; do alento heroico das testemuñas en pedra dos nosos antergos de San Cibrán de Lás ata as augas inmortais do Arnoia; dende as paisaxes urbanas da Auria sempre literatura en todos os seus grandes escritores ata as terras da Galicia costeira, de Vigo a Moaña ou Redondela, todo o roteiro xeográfico que



transcorre nos versos de Vilanova é unha visión totalizadora dunha Galicia convertida en patria poética. E a cidade auriense, cidade de pequenas prazas, como a Praza do Ferro, ou da inmensidade simbólica da súa gran catedral, un auténtico bestiario de soños, virtudes e pecados; a cidade que se redescobre na historia humilde, pero chea de sentido, de lugares como a fermosísima capeliña dos Remedios ou as Burgas d' Abaixo, ou nesa Ponte Vella, Ponte romana, que confunde a súa longa e intrincada historia coa evocación dun neno abraído no tempo resistente dos desexos. Esta cidade, auténtico Ourense Universo Literario, como levamos a estudar e defender durante xa moitos anos, tivo entre os seus fillos a máis dun cento de poetas que a cantaron con paixón e intelixencia: non esaxero, case un cento deles están incluídos xa na miña escolma Ourense, claro río, verde val, cun verso prestado de don Ramón Otero Pedrayo. Por iso resulta tan sorprendente como reconfortante encontrarse coa voz antiga de Vilanova a reconstruír el só, por si soio, todo un novo Universo Literario arredor da cidade ourensá, de perfecta coherencia e magnitudes inabarcables. Velaí unha moi pequena mostra só como pista para entrar nese mundo xigantesco. Ten Manuel Vilanova coñecemento do segredo que converte a paixón e o silencio reflexivo en auténtica poesía. Foi el dotado das claves para manexar a linguaxe de símbolos que á vez oculta e desvela a realidade das cousas: esmeralda, nácara, auga, a Meiga omnipresente, o poder dos agoiros, as aves e os gatos, etc. Ten Manuel Vilanova a voz solemne, a musicalidade sempre perfectamente medida, o acento dos himnos que constrúen unha patria, a épica poderosa da poesía como celebración, a Historia convertida en sentimento, a erudición en bágoas e desgarró se fose necesario... Recolle Vilanova as mellores voces dos grandes poetas que antes que el transitaron por estes vieiros, fúndeos nunha soia voz auténtica, plenamente persoal, e achégalle a eses ecos a súa mensaxe cálida, a placidez do seu evocar luces e sombras, paisaxes de sempre que se revelan como novas ó abeiro dos seus versos. É tamén Vilanova un gran paisaxista, un artista das cores e dos matices fuxidíos, un alumno exemplar de Otero, Cabanillas, ou Silvio Santiago, que converteron a palabra en paleta de gamas infinitas. Poucos poetas tamén existen no noso país, e nos outros países, con tan fondo alento na linguaxe das hierofanías. Os mitos e os ritos son o territorio natural do poeta, que converte en mito a historia e é quen de anular o paso do tempo, ó cabo intranscendente, inicuo e absurdo cando de poesía se trata. Como lle sucedera ó monxe da paxariña que cantou o noso rei Afonso, nos versos de Vilanova hai outra realidade que escapa do ritmo asasino das agullas do reloxo. Está o poeta no segredo dos mitos e el mesmo nos confesa. E por iso a poesía é nos grandes poetas maxia, invocación sagrada, esconxuro, medicina e alimento necesario. Pregúntase Vilanova polo seu presente antiquísimo, polo sentido exacto con que viviron os primeiros homes de Barbantes, cando había xacios dos ríos, / as mulleres que vivían nas augas e chamaban polos homes, / eran loiras, tiñan longos peitos e podían mudar en gatos; por ese intre máxico en que se empezou a enterrar os homes e alguén ergueu unha pedra chantada no chan para comunicarse cos espíritos supremos e deixar testemuño a xentes que virían despois, despois do soño de moitos séculos. Descubre nun dos seus poemas o Vilanova que a poesía se agarima en calquera lugar, sexa nos textos védicos, na existencia dun arredado vello chinés Lin-Chao-Kium ou no románico negro-húmido-seco da ábsida da Abadía de Melón. E o poeta ten a chave para achegarse a esa realidade poética e nesa chave está a íntima ligazón entre a natureza e a poesía, entre a terra e a cultura; como el mesmo afirma, no poema 'Falar do pracer' a natureza depende en todas as súas imaxes do pracer da cultura. E é, pois, construción cultural da beleza que os seus versos deitan, obra dun ourive namorado da paisaxe e da realidade: Remato xa, agardando que o prosaísmo destas miñas meditacións, non escureza a Verdade poderosa dos versos de 'A esmeralda branca', de Manuel Vilanova, que si merecen a atención e o noso agradecemento por constituíirse dende xa, dirano os lectores, dirano os críticos, quedará así gravado na pedra incólume que burla o paso do tempo, nun dos grandes monumentos literarios do noso tempo.

Enredos

A uns dez quilómetros de Ourense, pola vella estrada de Vigo, onde quedaron tantas cousas enterradas: noites con cometas de ouro, o lembrar do cabelo da Moura, cheo de estrelas, os ollos grises da Meiga, cor de auga do encoro, rosas escondidas nas prístinas árbores. A dez quilómetros de Ourense, está Untes, onde baixo un sol de xustiza, as cousas repousan sosegadas: ás costas dunha rapariga retallos de hortas aglomeradas, como se só ese fose o seu destino. Soben risos dende o Miño e arrincan de min todo o que é sensible, repenan e doen estas terras vellas, inocentes, fortes. Hai unha lixeira brisa entre a luz xeométrica do quince de San Xoán. Están pechados os grandes portóns, as poucas nubes semellan pedras desfeitas, hai cans de garda nos xardíns que lle ladran ás cousas como se as cousas non fosen un soño. En que trono dispuxeron esta terra que me curva? Por que co seu sorriso cálido as terras de Untes son as estreas onde maduran as cerdeiras?, como se tivesen o sexo do polen enlouquecido. Ás veces, polo marzal, xa están as fontes adornadas con cereixas. E aínda alí a calor debe ser un regazo pois é o primeiro lugar do Ribeiro –e manteñan este segredo fechado– onde colleitan o viño. E o viño tórnase de repente tan real que pon nos ollos os incendios necesarios. Quizais sexa este un bo lugar para esperar a morte ou para que nesta grave xeografía, chea de calor e silencio, voe libre e coidando este poema argallado en Untes, feito co cálido pensamento das súas terras e a substancia dos cans, abraizados de calor.

Configuración

Penso, Amor, en ti, nesta terra de ninguén e de todos que é o fin da primavera e o principio do verán. Penso nos teus brazos risoños de Meiga na mañá, como me concedes só brevemente e por un breve instante o teu corpo. Meiga visitada de memorias, misterio a cada paso, soño de anxo, zumba na cabeza un murmurio de abellas, unha imaxe púrpura: a túa percepción. A túa presenza coma un anxo necesario, o pracer preciso de poboar con xemidos a outra marxe da noite, que nome argallaremos para as estrelas, para os homes que van vir despois de nós, e que van vivir con nós na gruta, na cova, na terraza, no tempo, nas mañás rumorosas, nas rúas da cidade chea de seres chorando, inferiores á miseria, cos ollos de limo, como se saísen dun río, e quixesen ensinar todo o seu pasado, vivir das imaxes, como un desexo astral e ser longamente como a terra, montañas e ríos, na bocarribeira dos meus poemas. Penso, Amor, en ti nesta terra de todos, e adiviño un corazón á espera.

Un resplandor en cada val

...e un día, despois do Lume Novo, cando xa levaban tempo frías e dispersas as fogueiras, esfumárase todo o que aquela noite fora suxestión. Non restaban senón cinzas e algún material queimado, semienterrado no chan que, de forza, consideraríamos infernal. Aquela noite permanecín encerrado na miña torre; nun miradoiro en oxiva até o que ascendía un vellísimo rosal, que rubía tal se precisase axuda das paredes. Até alí chegábame a brisa dos loureiros, dos piñeiros sempre co seu queixume de ánimas, dos castiñeiros, coas súas grandes copas altas, esféricas, tan ramosas e densas. Poderíamos dicir que algo así coma un sangue vello me arrolaba, alagábame máis que a Moura anegábame como a Meiga. Ollara os lumes estendéndose polo val, dous ou tres en cada praza chea de plátanos, (fuxían os gorrións), un diante de cada casa, un resplandor en cada val do val, escintilaban as fogaxes, en cada barca un facho, un en cada porto, e había máis de vinte, como beixos; e un clamor impenetrable de fogueira consumíndose subía dende cada unha das cen fotalezas da terra de Castela. Esa noite –lembraba entre as cinzas– vivín a gloria antiga e íntima da hospitalidade dela: os seus labios entreabríronse, os ollos brillaron un pouco máis. Era unha sombra de sorriso, unha pequena mudanza de expresión. Vín aqueles ollos limpos de doncela, como esmeralda, como opio. Fora entón o mundo feito de cores, músicas, silencios, odor. Como a min, cando neno, e chegaba o verán, galopaba o lume polos vales, o lume novo, polas encostas máis suaves, trepaba as árbores, corría tras as bolboretas nocturnas, ás que chamaban as lumieiras como nos chaman a nós as faíscas de algo que sen ser amor é peor que o amor, e que arrola no sangue vello.

Peregrino de ollos solitarios

É tamén unha imaxe da condición humana. Eu, inqueda, espío por se xorden os anxos do exterminio. Miro para os cegos para ver se son de verdade. Xullo, amais de festas, procesións, e os nosos santos preferidos está cheo de incendios, péganlle lume aos montes e semella que o fogo vai permancecer sempre sobre o mundo. Quedamos atordados e como mortos, estremecidos co estrondo, aboucados polos hidroavións, ou o que sexa: esa imaxe case sempre amarela, filla da espuma, unha atrocidade –fermosa de máis– que fai que os anxos non baixen ás igrexas que as meigas se poñan de pé, que os cegos vexan, chacotéase de nós, irrisorios, o hidroavión poderoso. Se por acaso amasedes nas tardes unha enxurrada de martelos, serras, desespero derrubarase sobre os vosos corpos vibrando, o esforzo viril do amor –polo hidroavión poderoso– para vós será sempre unha agonía. Por sorte, aos lectores e á xente de a pé aínda nos restan a Virxe do Carme no mar e nas ondas e o Señor Santiago, peregrino de ollos solitarios, amor doutro amor, como a condición humana.

Tebras

I

Foi o Toco unha alma triste, envolta en si mesma.
Unha desolada paisaxe interior abranguíalle
os ollos. Era un son subterráneo e levaba
cilicios por dentro das palabras que dicía.
Baixo o seu manto sentía a humidade
suspensa no ar, cheiraba a fondas tebras.
Sucio, con ulidos do chan
pois durmía no pousadoiro. Asceta
de longa cabeleira, creaba da nada
grandes poemas a partir da nada.
A pel morena e os cabelos negros, anelados.
Veu a enredarnos a vida. A nós, que viviamos felices
en torno a un río ardente que embocaba un mar sagrado.
Dicía axiomas como "Non podemos saber nada de nós mesmos".
Cansaba o brazo de poñelo en cruz.
Escoitábase a súa voz no silencio das naves
como un cicel. Absorto nun cismar sen fin:
xa que era profeta tiña visións ao lonxe,
esgazabannos de remorsos. Renxían os carros ao pasar
e soltábase a si mesmo ao camiño,
acocorábase no chan, e a medida que regresaban os homes
a casa para descansaren de dura loita diúrna,
espetáballes: "Comezade a filosofar. A linguaxe é un metro do pensamento."
Nunca soubemos moi ben que facía por estas terras
o Toco de Francia. A paisaxe que se estendía
diante de si tornábase máis escura
a medida que o día clarexaba.

II

Sulpicio Severo, Orosio e Itacio destramaron a pedradas
a súa tese de que en cada unha das catro esquinas do mundo
había un anxo que nos vixiaba.
Houbo un tempo no que o Manco Namoreiro
fora un mozo pálido, a pel morena
e os cabelos negros. Comezou a predicar no Ribeiro máis naif
arredor do 370. O seu rostro, de trazos irregulares,
estaba marcado por sucos profundos,
lembraba un outeiro cruzado de ríos secos.
Toda a vida se lle concentraba no escarnio
e parecía un alleado, nun éxtase secreto.
Quizais foi de boa familia e con todo tivo algúns acertos
–malia que non viaxou a Oriente para completar a súa educación–,
"O corpo debe tornarse etílico", dicía. E impresionaba
o dominio absoluto que as súas ideas
impuñan á carne, onde residía temporariamente.
Incorporou a súa relixión o fulgor das nosas crenzas neolíticas,
que a nós nos subían até a garganta
como a música de cámara de Beethoven, os seus cuartetos.
Sobre os pasos esquecidos da vida o moi venerable
Namoreiro apareceu lapidado (e furamarento)
no recanto máis occidental do Ribeiro disxuntivo.
Levámolo nun carro de bois até a Cova da Moura
xa que o declararon herexe.
Alí iniciamos o fondo xardín
do Panteón dos desatinos.

Cool

I

Ditoso quen se parte para ti, renovado símbolo,
Meiga das agrestes festas.
Hai algures no meu corpo
unha extraordinaria afinidade
entre a crista das inúmeras ondas da ría,
e o vello areal de Coia, a vella horta,
e a inmensa gloria da túa saliva que me leva
quente e cristalina,
que me pode dar o don máis grande.
Meiga esvelta e lenta das agrestes festas,
nos teus longos cabelos sen rigor
son preso nunha cova (como can sen dono),
a miña carne renxe, pálpebras fechadas, mans de cera,
–que a miña mente a fantasiar se poña–,
crece o ritmo da miña respiración, tremen bandeiras,
o pulso báteme cada vez máis ás présas,
as Meigas ergueran murallas de cores variadas
entre as cañas cheas de rosada
coma un refrán
as aves acóllense nos bosques da costa,
enrestrarei o millo, voltarei á auga.
Forma puntas ou bicos, especialmente o mar
coma un refrán (ou pensamento)
cando está picado (ou movido) na ría de Vigo.
É sono sereno de paz e sosego, perfectamente pobre
o meu navío solitario ao partir na alba
soño de música e repouso da alma cíclica
nos días de inverno. Láudano é a ría.
Vóltome para sentir alas amplas de paz, que prenden na cabeza
razoar de amor,
de vela branca os meus bicos leves.

II

A súa beleza somérxeme, muda a vida
abura, abicornia, acadarma,
arias, ritornelli, sinfonías,
coros, dialogar monólogos de bébedo,
a túa beleza submerxe no máis fondo de min.
É posible que morra dun momento para outro.
Xa que todo é algo máis que palabras.
Navío solitario, naufraxio,
cubrirete con mares esquecidos,
escuma, diamantes,
e brancas esmeraldas, Meiga das agrestes festas.
Desde os pés da cama até aquí a cabeceira
a vasta sede de meiga,
a extraordinaria afinidade no recanto
entre as mulleres e os cabalos brancos (que pastan nas nubes).
Leve acedía de Beefeater,
a xenebra desfacendo o limón.
Marcha ela con graos nas súas obras, como a ría.
A Meiga que me fai, anda descalza.

Aquela idade das quimeras

As pinturas foran aparecendo na mesa do tempo,
unha tras outra, sen saberen moi ben quen era o autor,
sen saber nada da materia espesa, enluarada,
na que os pinceis se empastelaron con enxeño espléndido.
Fora xeral o rumor que eran os deuses monstruosos
os que se ouvían máis nas grutas, nas pinturas.
Na prístina pedra deixaban o seu beixo cubicado.
Prendían lume dentro das covas ás silvas douradas,
ás ponlas dos piñeiros, toxos, albedros e toda caste de inocentes anxos
da madeira (desde os duros chopos aos carballos máis nodosos e retortos
que entón había nas variegadas selvas).
Chegara a Meiga de maio a aquela idade das quimeras
e un día tras o verdor dos espiños, no anzol do pintorlado
coñeceu máis mundos na mente
dos que ela propia descubrira. Os homes pintores
eran esqueletos andantes, esqueletos andantes
doutra seita que bebían sangue e comían calquera cousa camiñante
que lles caía logo. Gozaban a manía de encambar
as cabezas de uns nos corpos dos outros.
Xantaban gaxos de nenos de pouca vida e na onda feroz, no anzol
da fame atropelada engulían un home en cinco minutos.
Gababan uns dentes cumpridos que os socorrían
a furar os ósos. Os dentes nacéranlle por hospedaren
xa moita práctica. Só conseguían durmir sen pesadelos
cando estaban ben atestados de ósos, sangue e polpa infantil.
Dicían palabras máxicas antes de encetar a pintar
cousas aburdas nas rochas. Palabras novas, fluídas, sinxelas,
incertas. E despois pintaban ou soñaban nas paredes encantamentos
como un eco vago das nosas vidas que se desfan en brisa,
que se perden entre a escuridade e a luz
das nosas orixes esvaídas. Unha cabeza sen corpo.
Dúas cabezas
unha tras da outra. Unha soa cabeza sen veo
ía diante de dúas cabezas que chegaban berrando
como a sombra das aves.
Unha perna escollía un corpo que xa usaba catro pernas.
Tres cornos apousentábanse nunha caveira
que xa procreara outras tres. Aqueles esqueletos
foradaban as cochas soamente co seu ollar baril.
Raios fulminantes saían da mirada
que zumbaba fortemente. Cando despois de moitos días,
trémulos ante o perigo dunha tempestade
que caeu rexa sobre as augas tranquilas e azuladas
fuxiran da nosa existencia, houbo novos mundos a gañar.
E os nosos corpos sentiron a revolta. Revolvémonos
contra a nosa vida impávida e serena. Sentimos
vontade de berrar. Aquelas pinturas deseñáronnos
con tanto agarimo como o sol.
Eles tiñan razón nas súas formas.
As máis loucas estremeceron ao meu lado,
nos pesadelos, sen que eu dixese nada.
Se eu fose unha daquelas pinturas
talvez sentiría o desalento
de vivir comigo, entre a sombra
de tanto xesto sen tenrura.

Como se fosen eternos

Os días van correndo como unha melodía á espera
deste momento puro co fogo dos pomares
que nos amolece, Miña Meiga é a irrupción
de amor, na nosa terraza en Vigo. É unha terraza no ocaso da casa
cunha varanda circular baixo o sol do mar, propósito de eternidade,
vela dos ventos, máxica beleza
para defendernos da morte con dedos de ría e sol.
Toma o seu tamaño e altura á vontade. Leva estas terras todas
presas e pegadas na memoria
de tal xeito que ás veces parece losquear o ceo, (a varanda, a terraza, a casa,
[a cidade])

coas súa vellas rúas de sobriedade medieval.
Alí a vida non pesa, alí a vida non pesa tanto,
as vellas varandas de ferro batido e de madeira,
a miña Meiga, cos ollos atados na luz,
vóanlle ás nubes, as poucas pombas que voan pola Ría
evidencian o verdadeiro desexo da beleza
como unha barca de vela. Escorre
entre os dous o ruído quente dos corazóns, fixa na alma
escorre, como augas-fortes, a ácido
disolvidos en amor, disolvidos en amigo,
as terras do litoral.
Alí está o noso fado de ter nome,
e ollos máxicos.
Só con pronunciar o nome da Meiga
é alto mar nas praias, nas terrazas
énchense os labios co círculo completo
de Deus e ao redondo,
unha luz tépeda. A suor núa dela
enche todo de raíz de ouro e po celeste,
todo é vella estrada.
E non queremos que ninguén
se sente á nosa mesa,
fechado con memorias.

Diccionario de amor

Vexo a Meiga, louco amor meu. Acaba a rúa
que me espía do fondo da noite,
vexo a estrela polar no silencio,
busco no seu rostro as sílabas da palabra esposa
escondida baixo os cipreses enleada
da misericordia e paz, orballada
de bágoas e felicidade. En dous labios as vellísimas tallas das palabras,
un sorriso aberto, a miña alma
de tanto soñarte anda perdida.
Os amados corazóns agrándanse
e ti xa es o sol, a lúa, a noite e o día,
a orde cósmica. Se me prendes os brazos
résgasme o lugar do espírito,
se me colles as mans
a terra esmágase.
Curará neste mundo as miñas chagas
co impulso de aberto diccionario de amor que te impele,
e endexamais, ao teu abrigo,
cousa algunha voltará
a ser tempo adulterado, voltará
a ser breve naquel amargo,
especial e solitario
porvir da túa ausencia.

Coordinación: A.R. López, S. Noia, C. Domínguez e V. Oliveira. Deseño: Signum. Fotocomposición: C. Mirás. Foto: Roberto Ribao

